

Oír, col, e outros casos de [o] < a u en galego

ALEXANDRE VEIGA RODRIGUEZ

Universidade de Santiago

1. MONOPTONGO/DIPTONGO E EPENTESE/NON EPENTESE

Na introdución á súa obra *La Traducción Gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*¹ o profesor Lorenzo Vázquez comenta brevemente a aparición no manuscrito por el editado de tres tipos diversos de resultados prós étimos latinos *l a u d a r e* e *a u d i r e*; estas tres evolucións, claramente diferenciadas na estadística, son as seguintes:

a) perda do -d- e *o* no lugar do *a u* latino: *loar*, *oyr*, son estas as formas maioritariamente representadas no texto;

b) perda do -d-, resultado *ou* do diptongo latino e aparición dunha consoante labial entre a semivocal e o núcleo silábico seguinte: *louuar*², *ouuir*, formas análogas ás do portugués normativo moderno, e moito menos frecuentes no texto cás anteriores;

c) perda do -d- e resultado *ou* do diptongo, agora sen epéntese de ningún tipo: *louar*³, *ouir*, formas tamén minoritarias no texto.

Cita ademais Lorenzo a existencia na *Traducción* como formas galegas de *loamineyros*, *loomineyros* e *loor*, ausentes de textos portugueses do S. XIV⁴.

A aparición de tres variantes pra un mesmo étimo neste texto de prosa galega medieval e a presenza maioritaria das formas con monoptongo

¹ Cfr. R. Lorenzo, *La Traducción Gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Inst. de Estudios Orensanos "Padre Feijóo", Ourense, 1975, vol. I, XXIII.

² En rigor, na páxina citada Lorenzo non recolle as formas de infinitivo *louuar* nin *louar*, pero sí outras do paradigma deste verbo correspondentes ás mesmas evolucións.

³ Vid. nota 2.

⁴ *Ibid.*

oyr e *loar* sírvennos de punto de partida pra este traballo no que pasaremos revista e comentaremos diversos casos en que o a u latino non presenta no galego a súa evolución de costume, senón un o a interpretación do cal foi doada algunhas veces namentras que noutras ocasións levou a erros ou confusións a moitos investigadores.

Herculano de Carvalho sacaba á luz en 1953⁵ un artigo no que se ocupaba precisamente dos resultados portugueses de étimos nos que figurase o diptongo a u seguido dunha consoante sonora que precedese a unha vocal. Recolle este traballo os verbos *a u d i r e*, *l a u d a r e*, *l a u d e r e* e *g a u d e r e*, así como o sustantivo *c a u l i s* e algúns nomes propios tanto latinos como xermánicos escomenzados por *g a u d -*; fóra disto comenta tamén o autor os resultados semicultos de *g a u d i u m* e algunhas variantes con *ou* monoptongado no paradigma do verbo *haver*. Pero o seu estudio non se limita á lingua portuguesa, senón que tamén abrangue resultados galegos, recollendo *loar*, *oír*, *goír* e *choír/enchoír* en numerosos textos medievais. É mágoa que pra documentalas solucións do galego moderno acudise ós dicionarios galegos existentes na época, de autoridade mais que discutible como todos ben sabemos. Non se nos presentará hoxe este problema, pois xa dispomos dos datos do A.L.G.⁶, polo menos prós resultados de *a u d i r e* e *c a u l e*.

2. OS FILOLOGOS

Ó enfrentárense a estes vocábulos, os filólogos víronse na necesidade de buscar explicación tanto prás formas meridionais tipo *ouvir* como prás septentrionais tipo *oír* (*ouir* e outras variantes xeográficas que teremos ocasión de ver mais adiante pasaron inadvertidas á maioría dos investigadores). As explicacións ás veces rebuscadas que algúns propuxeron derivan de que ata Carvalho (1953) non se concebía a posibilidade dunha evolución galega a u > o neste contexto, polo que algúns ignoraron as formas monoptongadas, outros supuxeron que se trataría de castellanismos e os mais achacaron o fenómeno a monoptongacións no mesmo latín, tipo *oricla*.

⁵ J.G. Herculano, "Sobre a evolução de *l a u d a r e* > *louvar*, *a u d i r e* > *ouvir*", *Boletim de Filologia*, XIV, 1953.

⁶ Instituto da Lingua Galega, *Atlas lingüístico Galego*, en prensa.

2.1. *García de Diego*

En 1909 García de Diego⁷ non recolle pró a u latino mais resultado en galego que *ou*⁸, e de todos estes étimos que presentan a u + sonora + vocal non cita mais continuacións que *louar* pra l a u d a r e e *couve* pra c a u l e⁹, cita ademais *ouzo* (< a u d i o), sen que vexámo-lo infinitivo por ningunha parte. Notemos que neste caso de *ouzo* o [ɥ] fai que o grupo -d j- sexa tratado como postconsonántico, cousa que non sucede no dobrete *oio*; sobre a extensión xeográfica destas formas en *ouz-/ous-* xa falaremos no § 5.6.

Bastante tempo mais tarde, no seu *Diccionario Etimológico*¹⁰, prologado con data de 1954, o mesmo autor cita resultados galegos e portugueses destes étimos que nos ocupan, pero non sempre nos podemos fiar dos termos rexistrados. Pra a u d i r e¹¹, por exemplo, recolle como evolución galega *ouzar*, forma totalmente imaxinaria froito dunha errónea interpretación das primeiras persoas tipo *ouzo* ou do presente de subxuntivo *ouza*, sobre a que voltaremos no § 3 ó estudiármolos dicionarios galegos; *oír* non é citada pró galego por ningures; pra c a u l e¹² ignora tamén a forma monoptongada *col*, que no § 6 veremos como mais extensa xa xeografía galega, e só recolle as formas *couve* e *couva* así como o derivado *cueiro*; en c l a u d e r e¹³ recolle exemplos das tres evolucións que citara Lorenzo pra a u d i r e e l a u d a r e, así *choer*, *choir*, *chouir*, *chou-ver* e *chouvir*, remitindo esta última ó portugués antigo; na voz g a u d e r e¹⁴ non recolle tampouco casos de monoptongo, senón só *gouir* e *gouvir*, que considera termos galego e portugués respectivamente; pra g a u d i u m¹⁵ xa atopamos un caso monoptongado, *goyo*, citando tamén como arcaico *goivo*, e pra l a u d a r e¹⁶ de novo é silenciado o resultado con *o*, citándose o portugués *louvar* e o sustantivo *louvor*, que considera tanto galego como portugués.

⁷ V. García de Diego, *Elementos de Gramática Histórica Gallega*, Burgos, 1909.

⁸ Agás *orella* e *probe*, que atribúe a a u > o en latín.

⁹ Pola contra inclúe *col* como exemplo de apócope tras -l (páx. 23).

¹⁰ V. García de Diego, *Diccionario Etimológico Español e Hispánico*, S.A.E.T.A., Madrid, 1954?

¹¹ *Op. cit.*, voz 791.

¹² *Op. cit.*, voz 1552.

¹³ *Op. cit.*, voz 1672.

¹⁴ *Op. cit.*, voz 3053.

¹⁵ *Op. cit.*, voz 3054.

¹⁶ *Op. cit.*, voz 3795.

Á vista desto, tendo en conta que tendeu a pasar por alto as formas monoptongadas, maioritarias en Galicia, e, nalgún caso como *oír* ou *col*, de uso ben frecuente, non creo aventurado supor que as considerou castelanismos, pois doutro xeito as recollería buscándolles explicación.

2.2. *Michaëlis, Leite de Vasconcelos, Silva Neto, Nunes*

Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos, no *Glossário do Cancioneiro da Ajuda*, atribuía *loar* a unha suposta monoptongación latina **loda re*; a esta opinión sumaríanse José Leite de Vasconcelos e Serafim da Silva Neto, prás conclusións dos cales remito ó xa citado artigo de Herculano de Carvalho¹⁷.

Tamén Carvalho comenta a José Joaquim Nunes, quen supuxo que as solucións pra el arcaicas (manifesta, pois, descoñece-lo galego moderno) *choir*, *goir*, *loar*, *oir*, como tamén o sustantivo *couve* procederían de *clo dere* (*sic* sen asterisco), **godi re*, **odi re*, **cole*¹⁸. Nunes non concebía que -d- ou -l- puidesen caer precedidas de [u], pois os diptongos decrecentes fan que unha consoante por eles precedida non sexa tratada como intervocálica, daí que necesite partir dun monoptongo latino pra supor unha complicada evolución **loda re* > *loar* > *louar* > **louuar* > *louvar*¹⁹ baseada nunha diptongación *o* > *ou* que parece poder darse hoxe a nivel dialectal en portugués como expón Carvalho²⁰, se ben este autor fai o comentario en cuestión pra argumentar que un fenómeno dialectal moderno non ten por que ser tomado en conta pra explicar unha evolución antiga (e xa consumada). Acerta Carvalho, ademais, cando engade os resultados dos étimos latinos tipo *audir* e noutros romances así como as formas documentadas tipo *ouço* pra demostrar que debemos partir dun *au* latino e non dunha monoptongación.

Pola contra, non nos explicamos como puido Carvalho expoñe-la caída das sonoras precedidas de [ɥ] nestes étimos pretendendo argumentar que sonorización de xordas intervocálicas (fenómeno que non se dou en *couto*, *pouco*, etc.) e caída das sonoras “são fenómenos diversos, que ocorreram em épocas muito diversas (muito mais recente este último)”²¹, argumentación que carece de sentido, pois se a sonorización das xordas

¹⁷ Herculano, *art. cit.*

¹⁸ *Art. cit.*, 218-19, nótese o esquecemento de **loda re*.

¹⁹ *Art. cit.*, 219.

²⁰ *Art. cit.*, nota 3.

²¹ *Art. cit.*, 219.

chega a darse sen que asemade se debilitasen as sonoras, o sistema admitiría a desfonoloxización da oposición tenso/frouxo (e sonoro/xordo) nos pares *p/b*, *t/d*, *k/g*, e é impensable que a comunidade fixese en tempos pra Carvalho moito mais recentes desaparecer únicamente as sonoras non procedentes de xordas. Por outra parte, a romanística sempre enfocou estes dous fenómenos conectados entre eles e coa simplificación das xeminadas; como último estado da cuestión remito á interpretación de Amable Veiga Arias²² que explica o fenómeno dende o punto de vista estrutural que iniciara Martinet²³.

Aparte desto, Carvalho e Nunes parecen non ter en conta que o tratamento das consoantes precedidas de diptongo decrecente e seguidas de vocal non é homoxéneo, pois hai casos en que evolucionan como se fosen intervocálicas e casos en que non. Carvalho²⁴ recoñece o tratamento débil do -s- en *c a u s a > coi[z]a*, e recordemos que Lausberg²⁵ postula que ante -s- e -d- o [u] do diptongo *au* non sempre cerra sílaba. Non hai nada, pois, que se opoña á desaparición de -d- tras a *u*. Por outra parte, os dous autores ignoran a verdadeira realidade do galego moderno, onde, como xa veremos nos §§ 5 e 6, *oír* ten maioritariamente [o] (a pesares da atonicidade da vocal), así como *col*, cousa que non sería esperable dun o latino vulgar. Da abertura xa nos ocuparemos no § 7.

2.3. Huber

Dos investigadores citados por Carvalho é Joseph Huber²⁶ o único que cae na trampa do castelanismo prás formas monoptongadas. Carvalho non se mostra de acordo con isto e engade que “não se compreende por que motivo a linguagem poética dos Cancioneiros iria buscar ao espanhol um verbo tão corrente coma ‘ouvir!’”²⁷; nós podemos obxectar mais argumentos: tampouco se comprende por que a lingua falada das catro provincias admitiría un sustituto castelán pra un verbo de uso tan frecuente²⁸; mais aínda, se ben pra *oír* e *loar* o castelán dispón de for-

²² A. Veiga, *Algunas Calas en los Orígenes del Gallego*, Tese Doutoral lida na Fac. de Filoloxía da Univ. de Santiago en 1980. En prensa.

²³ A. Martinet, *Economie des Changements Phonétiques*, Berna, 1955², 257 s.

²⁴ Herculano, 219.

²⁵ H. Lausberg, *Lingüística Románica*, Gredos, Madrid, 1966, I, 349.

²⁶ J. Huber, *Altportugiesisches Elementarbuch*, Heidelberg, 1933, 44-46.

²⁷ Herculano, 225-6.

²⁸ Anque hai castelanismos ben correntes, como *abuelo*.

mas semellantes, non así pra *goír*, voz arcaica que recolle Crespo Pozo no seu *Vocabulario*²⁹ e que Corominas e Pascual³⁰ non citan pró castelán no seu dicionario etimolóxico por ningures, e con respecto a *choer/choír*, non hai maneira de sospeitar castelanismo: nin *ch-* é resultado de *c l-* en castelán nin existiu nunca nesta lingua un **lloer* que puidese influír no galego³¹.

2.4. Carvalho

Imonos centrar agora nas consideracións propias de Herculano de Carvalho a este respecto. Xa vimos ó analizármolas críticas que fai ás opinións de Nunes e Huber que non cre nin na monoptongación latina nin no castelanismo prás formas monoptongadas, tampouco cre que estas sexan cronolóxicamente anteriores a aquelas con labial epentética, senón que fai fincapé na distribución xeográfica das dúas series postulando *oír* etc. como formas galegas que trascenderon á lingua trovadoresca: “Do que me parece que não pode duvidar-se é que *loar*, *oír* sejam formas particularmente galegas, embora tenham sido usadas —e largamente!— por trovadores portugueses”³². Resalta Carvalho como nas obras literarias medievais propiamente galegas aparecen só as formas monoptongadas, así *loar*, *loor*, *oír*, *goír*, *choír*, *enchoír*, imperan nas *Cantigas de Santa María*³³ e na *Crónica Troyana*, opóndose a formas con epéntese en documentos coetáneos portugueses³⁴.

Con respecto ó galego moderno tamén Carvalho sinala a existencia das formas monoptongadas, se ben non ten coñecemento da súa extensión maioritaria por non dispor de ningún atlas lingüístico —a existencia do cal anceia no seu traballo³⁵— e por fiarse das moitas veces erróneas informacións dos dicionarios. Froito da súa deficiente documentación no que se refire ó galego é que pareza situar ó mesmo nivel xerárquico

²⁹ J.S. Crespo, *Contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego*, Madrid, 1963, s.v. *gozar*.

³⁰ J. Corominas e J.A. Pascual, *Diccionario Crítico-Etimológico Castellano e Hispánico*, vol. III, Gredos, Madrid, 1980, s.v. *gozo*.

³¹ Corominas-Pascual, s.v. *llosa*.

³² Herculano, 226.

³³ Vid. o prólogo de R. Lorenzo a W. Mettmann, *Cantigas de Santa María*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1981.

³⁴ Herculano, 226-27.

³⁵ *Op. cit.*, 228.

as formas —como veremos no § 5.2. fronteirizas— en *-ouv-* e as maioritarias monoptongadas, e que descoñeza por completo a forma galega *col* (< c a u l e), non citando mais formas monoptongadas desta familia que *coeiro* (*apud* Valladares) e *cóe* ‘grelo da couve e a propia couve’ na fala de Vinhais (Trás-os-Montes)³⁶. A necesariedade exposta por Carvalho de determina-la extensión xeográfica das tres series de formas tipo *oír/ ouir/ ouvir* é hoxe satisfeita —polo menos pra algunha destas palabras— gracias ó A.L.G., as aportacións do cal analizaremos mais adiante (§§ 5 e 6).

E xa, pra ve-la xénese destas tres formas, Carvalho propón a hipótese mais acertada de cantas levamos vistas. Partindo de *ouir*, *louar* (trala caída do -d-) o “inusitado tritongo”³⁷ pode resolverse por redución (*oír*, *loar*), ou por inserción de consoante antihiática (*ouvir*, *louvar*). Non se detén mais na explicación do fenómeno.

Imos pasar revista ás afirmacións de lingüistas posteriores ó artigo de Herculano de Carvalho (1953).

2.5. Buschmann

Na súa Tese de Doutoramento, publicada en 1965³⁸, Sigrid Buschmann recolle os étimos latinos *a u d i r e*³⁹, *c a u l i s*⁴⁰ e *c l a u d e r e*⁴¹, pois o seu traballo non vai mais aló da letra *f*.

Descoñece por completo a forma *col* e supón *coleiro* como derivado do *col* castelán (aunque entre interrogantes), cita *couve* (*apud* Machado) e *couva* ‘berza grande y vieja’ (glosa de Carré), rexistra tamén *cueiro* ‘tallo de la col’ sen dar ningún tipo de explicación pra estas solucións, cita tamén *colifrol*, que hai que estudar da man do cast. *coliflor* como prés-tamos do alto italiano *caoliflor* penetrado na Península no XVI⁴².

En canto a *c l a u d e r e* cita Buschmann tanto solucións monoptongadas como epentéticas: *choer*, *choir* (*apud* Valladares), *chouir*, *chouvir* (*apud* García de Diego), *chouver* (*apud* García de Diego), *achoir* e *des-choer*. Tampouco neste caso da explicacións.

³⁶ *Ibid.*

³⁷ Herculano, 229.

³⁸ S. Buschmann, *Beiträge zum Etymologischen Wörterbuch des Galizischen*, Romanisches Seminar der Universität Bonn, Bonn, 1965.

³⁹ *Op. cit.*, voz 779.

⁴⁰ *Op. cit.*, voz 1778.

⁴¹ *Op. cit.*, voz 1967.

⁴² Corominas-Pascual, *op. cit.*, vol. II, Gredos, Madrid, 1980, s.v. *col*.

Pra *a u d i r e* e *a u d i t u s*⁴³ cae unha vez mais — e a pesares da súa formación filolóxica— no prexuício anticastelanista (pois non vemos outra razón) contra as formas monoptongadas, e, pra mais, baseándose no dicionario etimolóxico de García de Diego⁴⁴, inclúe as formas habituais nos dicionarios galegos (que veremos no apartado seguinte), algunhas das cales como *ouzar* é pura invención. Así, recolle de García de Diego *ouir*, *ouvir*, *ouzar*, *ouvido*⁴⁵, e engade, indicando polo sulñado de trazo continuo que se trata de termos non documentados en dicionarios etimolóxicos, *ouvinde*, *desouir*, *desouvir*, *entreouvir*⁴⁶; chama a atención que rexeite as formas tipo *oír* que vimos xa sobradamente documentadas por Lorenzo⁴⁷ e consideradas galegas, aínda que non sempre por vía acertada, por outros filólogos, aparte de ser este, como veremos no § 5.1, o resultado mais rotundamente maioritario de *a u d i r e* no galego actual, e evolución xenuinamente nosa como demostraremos no § 4.4. E chama mais a atención que Buschmann atribúa a *a u d i e n t i a*⁴⁸ os resultados de *h a b e n t i a*.

2.6. Lorenzo

Ramón Lorenzo, no *Glosario*⁴⁹ da súa edición crítica da xa citada tradución galega da *Crónica* fai algunhas interesantes observacións sobre *oyr/ouir/ouvir* e *loar/louar/louuar*. Así, respecto de *loar* di: “En el texto están representados los tres estadios posibles en la evolución: de *l a u d a r* e normalmente *louar*, con redución del diptongo inusitado se llega a *loar* y con desarrollo de -v- antihiática a *louvar*”⁵⁰ (cita a Herculano de Calvalho). Sinala tamén Lorenzo a existencia de *loar* a nivel dialectal en Portugal e Brasil, así como o feito de que *loor* sexa xa forma moi rara en textos portugueses do s. XIV; remata destacando que os dicionarios galegos recollen a forma portuguesa. En canto a *oír*, cita de novo a Carvalho e engade que os dicionarios galegos só recollen o meridional *ouvir* e inventan un *ouzar*. Desto falaremos mais no § 3.

⁴³ Buschmann, voces 779-80.

⁴⁴ García de Diego, *Diccionario*, s.v. *audire*.

⁴⁵ Buschmann, 63.

⁴⁶ *Op. cit.*, *ibid.*

⁴⁷ Lorenzo, vol. II, s.v. *oyr*.

⁴⁸ Buschmann, voz 778.

⁴⁹ Lorenzo, vol. II.

⁵⁰ *Op. cit.*, s.v. *loar*.

2.7. Corominas-Pascual

J. Corominas e J.S. Pascual, no seu xa citado dicionario etimolóxico, do que neste momento están publicados catro tomos, son un tanto desiguais polo que respecta ás solucións galegas de *audire* e *laudare*. No primeiro caso documentan a forma mongptongada *oír*: “en gallego coexisten las raíces *oír* y *ouvir* con variable repartición morfolóxica, según los dialectos, pues ahí es normal *ou* > *o* en hiato”⁵¹. En troques non recollen *loar*, senón que pró galego citan formas en *ouv-* como *louvar*, *louva*, *louvor* (as tres *apud* Castelao), aparte de algúns cultismos en *laud-*, de *aloumiño* e derivados (*apud* Valladares en xeral) e de *loomiñar* na *General Estoria* galega, única evolución non á portuguesa que recollen⁵². A confrontación desto coas consideracións feitas sobre *oír* fai extrañar este silencio de *loar* e mostra os perigos que conleva citar un autor concreto como fonte de información; lembremos que Castelao empregaba portuguesismos no seu galego e que concretamente as formas da raíz *louv-* tiveron sempre bastante prestixio entre os nosos escritores, que con toda probabilidade malinterpretaron *loar*, que de feito foi sempre o mais interdito de todos estes termos con monoptongación, namentras que *choer* nunca foi sospeitoso de castelanismo por non ter equivalente castelán homónimo.

3. OS DICCIONARIOS E VOCABULARIOS

De todos son sabidos os innumerables defectos da lexicografía galega. De F.J. Rodríguez⁵³ adiante os dicionarios resíntense dunha falla de rigor que se manifesta na abundancia nas páxinas destas obras de vocábulos inexistentes en galego. A non posesión duns criterios científicos mínimamente sólidos levou a moitos dos autores destes dicionarios a non se fixaren na realidade da lingua preferindo acudir a fontes literarias moitas veces sen fiabilidade lingüística, ou ben a manexaren manuscritos que entenderon mal, ou a interpretaren erróneamente como casteláns os termos comúns a ámbalas dúas linguas, a recolleren portuguesismos alleos ó galego, ou —o que é mais grave— a sacaren da imaxinación seudoevolucións, hipergaleguismos e invencións desaxeitadas. Imos ver agora o léxico que recollen os diferentes dicionarios e vocabularios galegos (agás o da Real Aca-

⁵¹ Corominas-Pascual, vol. IV, Gredos, Madrid, 1981, s.v. *oír*.

⁵² *Op. cit.*, vol. III, s.v. *loar*.

⁵³ F.J. Rodríguez, *Diccionario Gallego-Castellano*, A Coruña, 1863.

demia Gallega de 1913-28 que non pasou da palabra *cativo* e todo o anterior a 1863) correspondentes ós vocábulos *oír*, *loar*, *goír*, *choer* e *col*.

3.1. Rodríguez-La Iglesia

O primeiro dicionario con pretensións de tal que existiu pró galego foi o de F.J. Rodríguez, editado por A. de la Iglesia⁵⁴, famoso polo reducido, acientífico e anárquico en diversos sentidos que resultou e estudiado a fondo hai poucos anos por J.L. Pensado⁵⁵. É este dicionario o pai de moitas aberracións lexicográficas que perdurarían en vocabularios e dicionarios posteriores.

Dos étimos obxecto principal deste traballo, *a u d i r e*, *l a u d a r e*, *c l a u d e r e*, *g a u d e r e*, *c a u l e*, non recollen Rodríguez e La Iglesia senón uns poucos resultados. É *a u d i r e* quen vería mais herdeiros aquí rexistrados: *ouvido* e *ouvir*, acordes coa solución meridional con epéntese labial, e un ficticio *ouzar*, debido a unha falsa interpretación das formas tipo *ouzo* < *a u d i o*, *ouza* < *a u d i a* que recolleran os autores de Sarmiento⁵⁶. Este infinitivo *ouzar*, totalmente inexistente sería admitido en practicamente tódolos traballos lexicográficos posteriores, como veremos. A forma do galego común *oír* non é recollida por Rodríguez, que eliminaba sistemáticamente do seu *corpus* calquera termo semellante ó castelán, iniciando así un costume que se convertería en mal endémico da nosa lexicografía por moitos anos. Pra *c l a u d e r e*, en troques, recolleu a forma correspondente á evolución mais extensa no galego (como veremos no § 5), isto é, caída de *-d-* e monoptongación, presentando *choer*, forma que, como xa dixéramos, escapou da interdicción anticastelanista a pesares do seu *o*. Pra *l a u d a r e* non recolle este dicionario derivados directos, senón só o seu parente etimolóxico *aloumiñar*, forma na que Corominas e Pascual consideran houbo contaminación de *alumeoar* ou *alumiar*⁵⁷. Non hai nesta obra vocábulos remontables a *g a u d e r e* nin *c a u l e*.

3.2. Cuveiro

O dicionario de Cuveiro⁵⁸ sae á luz en 1876; bastante mais nutrido

⁵⁴ Rodríguez, *op. cit.*

⁵⁵ J.L. Pensado, *Contribución a la Crítica de la Lexicografía Gallega. I. El Dicionario Gallego-Castellano de F.J. Rodríguez y su Repercusión en la Lexicografía Gallega*. Univ. de Salamanca, 1976.

⁵⁶ *Op. cit.*, 293-94.

⁵⁷ Corominas-Pascual, s.v. *loar*.

⁵⁸ J. Cuveiro, *Diccionario Gallego-Castellano*, Barcelona, 1876.

en voces có de Rodríguez-La Iglesia non deixa de presentar moitas deficiencias que lle valerían a descalificación de Murguía, que o consideraba inferior ó seu predecesor⁵⁹.

Centrándonos nos cinco étimos que nos ocupan, todos agás g a u d e r e teñen resultados que rexistra Cuveiro. O menos representado é c l a u d e r e, pois só atopámo-la variante *choer*⁶⁰; pra l a u d a r e non se inclúen as formas portuguesas, sí *louor*⁶¹ e *loanza, loadeiro*⁶², pero non *loar*, co que nos atopamos ante o comenzo dunha lenda moura que proscribirá *loar* aquí adiante, namentras acepta outros derivados con monoptongo; tamén recolle *aloumiñar* e un *alomiñar*⁶³ que non documentamos en ningunha outra parte; pra a u d i r e rexistra os tres termos desta etimoloxía que figuraban no dicionario anterior: *ouvido, ouvir* e o fantástico *ouzar*⁶⁴, ós que engade *ouido, ouir*⁶⁵ e un *odir*⁶⁶ que coida antigo e ó que non lle vemos mais explicación que a súa posible aparición nalgún documento medieval onde o *d* sería un rasgo gráfico latinizante, se é que non se trata dun novo “invento” léxico; unha nova incongruencia como a sinalada na aparición de *loanza* sen *loar* é que recolle as formas *oya* e *oyo*⁶⁷, do paradigma de *oir*, pro non este infinitivo, que de novo foi incomprendido, e tamén é mágoa que os dicionaristas posteriores suprimisen *oya* e *oyo* (por non citaren como entrada formas de flexión) e non caísen na conta de que aceptar estes exemplos como galegos esixía a aceptación do infinitivo *oir*.

Fagamos fincapé no que sucede con c a u l e: non figuran en Cuveiro evolucións á portuguesa, senón únicamente *col* (e un *coleja*⁶⁸ do que falaremos no § 8), que aparece en tres entradas diferentes: *col de pena, col gallega*⁶⁹ e *col mariña*⁷⁰, o que nos podería levar a pensar que Cuveiro aceptou *col* como forma galega sendo mais tolerante có seu predecesor prás voces comúns a galego e castelán, pero o prólogo *al lector*⁷¹, que Cu-

⁵⁹ Vid. Pensado, 363.

⁶⁰ Cuveiro, s.v. *choer*.

⁶¹ *Op. cit.*, s.v. *louor*.

⁶² *Op. cit.*, 187.

⁶³ *Op. cit.*, 19.

⁶⁴ *Op. cit.*, 230.

⁶⁵ *Op. cit.*, 229.

⁶⁶ *Op. cit.*, s.v. *odir*.

⁶⁷ *Op. cit.*, 230.

⁶⁸ *Op. cit.*, s.v. *coleja*.

⁶⁹ *Op. cit.*, 78.

⁷⁰ *Op. cit.*, 79.

⁷¹ *Op. cit.*, 3-4.

veiro sitúa ó comenzo da súa obra, acaba coa nosa esperanza: Cuveiro, ó final deste prólogo, xustificaba que recollera termos *casteláns* (pra el, por suposto), especialmente no campo da botánica por coherencia coa fala, pero considerando non que se tratase de vocábulos semellantes nas dúas linguas, senón de castelanismos a forma galega dos cales algún día podería ser descuberta. Este é sen dúbida o motivo de que situase *col* no dicionario, aparte de que a ausencia de *loar* ou do tan extendido *oír* mostra que Cuveiro continúa o sistema de F.J. Rodríguez de non considerar galegos os termos comúns co castelán.

3.3. Valladares

Marcial Valladares recolle mais exemplos que Rodríguez e Cuveiro, e como no dicionario anteriormente visto, agás *g a u d e r e* tódolos demais étimos que estudiamos teñen resultados presentes nesta obra⁷².

Pra *c a u l e* presenta o exemplo *còl*⁷³, que aínda hoxe non acaba de verse liberado do sambenito de castelanismo; en canto a *l a u d a r e* non recolle, como tampouco fixera Cuveiro, ningún resultado con *-ouv-*, formas que collerían prestixio nas letras galegas, así, rexistra *loanza*⁷⁴ como única solución monoptongada, igual que Cuveiro, e unha longa lista de exemplos con *ou* seguido directamente de *a* correspondentes á primeira fase da evolución trala caída de *-d-*: *louable*, *louanza*, *louar*, *louor*⁷⁵ aparte de *loumiñar*, *loumiñeiro*, *loumiño*⁷⁶, *alomuiñar*, *aloumiño*⁷⁷; pra *cl a u d e r e* non recolle senón exemplos monoptongais: *chòer*, *chòido*, *chòir*⁷⁸; en troques, pra *a u d i r e* continúa a Rodríguez e Cuveiro, rexistrando as formas meridionais *ouvido* e *ouvir* así como o inevitable fantasma *ouzar*.

3.4. “El Pueblo Gallego”

En 1926 Filgueira Valverde, Tobío Fernández, Magariños Negreira e Cordal Carús elaboran un vocabulario galego-castelán, que editaría “El

⁷² M. Valladares, *Diccionario Gallego-Castellano*, Santiago, 1884.

⁷³ *Op. cit.*, s.v. *còl*.

⁷⁴ *Op. cit.*, s.v. *loanza*.

⁷⁵ *Op. cit.*, 355.

⁷⁶ *Ibid.*

⁷⁷ *Op. cit.*, 22.

⁷⁸ *Op. cit.*, 416.

Pueblo Gallego”, no que aparecen representados os nosos cinco étimos⁷⁹.

Acertadamente recollen *col*⁸⁰ como único resultado galego de *c a u l e*; en troques citan un *gouvir*⁸¹, correspondente á solución meridional con epéntese, como senlleiro exemplo dos derivados de *g a u d e r e*; pra *l a u d a r e* recollen vocábulos correspondentes ás tres evolucións que documentara Lorenzo (cfr. § 1), temos por un lado *loanza* e *loadeiro*⁸² (pero non *loar*, que continúa proscrito), por outro *louabel*, *louanza*, *louar*⁸³ *louor*⁸⁴, e pra rematar *loubar*⁸⁵, *loubor*, *louvamiñar*, *louvamiñeiro*⁸⁶; tamén citan *aloumiñar* e *aloumiño*⁸⁷; pra *c l a u d e r e* rexistran, como Valladares, resultados nas dúas conxugacións *-er/-ír*: *choer*, *choír*⁸⁸; é en *a u d i r e* onde mais se propasan recollendo variantes: nin rastro aínda de *oír*, aparecen, pola contra, *ouvir*, *oucir*, que como veremos no § 5.6. non se rexistra senón nun determinado lugar da provincia de Ourense, *ouzar* (unha vez mais), e por se fose pouco *oudir*⁸⁹, tan irreal como *ouzar*.

3.5. Carré

En 1928 aparece a primeira edición do dicionario de Leandro Carré Alvarellos⁹⁰, con mais vocábulos cós anteriores, pero facéndose eco de moitos erros acumulados na lexicografía precedente.

Contra Cuveiro, Valladares e o grupo de Filgueira rexeita *col*, aínda que recolle o derivado *coleiro*⁹¹, a galeguidade do cal estaría respaldada no sufixo, e engade por primeira vez as formas meridionais *couve* (moi pouco extendida en Galicia como veremos no § 6.4.) e *couva* (do galego fronteirizo pontevedrés como alí mesmo veremos), que glosa ‘berza grande y vieja’⁹²; xa se nos mostra pra *c a u l e* simpatizante das formas á por-

⁷⁹ J.F. Filgueira, e outros, *Vocabulario Popular Galego-Castelán*, “El Pueblo Gallego”, Vigo, 1926.

⁸⁰ *Op. cit.*, s.v. *col*.

⁸¹ *Op. cit.*, s.v. *gouvir*.

⁸² *Op. cit.*, 135.

⁸³ *Op. cit.*, 136.

⁸⁴ *Op. cit.*, s.v. *louor*.

⁸⁵ *Op. cit.*, s.v. *loubar*.

⁸⁶ *Op. cit.*, 137.

⁸⁷ *Op. cit.*, 13.

⁸⁸ *Op. cit.*, 51.

⁸⁹ *Op. cit.*, 159.

⁹⁰ L. Carré, *Diccionario Galego-Castelán*, Moret, A Coruña, 1972⁴.

⁹¹ *Op. cit.*, s.v. *coleiro*.

⁹² *Op. cit.*, 302.

tuguesa, que citará sistemáticamente agás no caso de *claudere*, pró que recolle *choer* e *choído*⁹³ e no de *loanza*⁹⁴, que vimos atopando dende Cuveiro (cfr. § 3.2.); así cita *ouvido*, *ouvinde*, *ouvir*⁹⁵, *louvábele*, *louvadeiro*, *louvadoiro*, *louvamiña*, *louvamiñar*, *louvamiñeiro*, *louvanza*, *louvar*, *louvor*⁹⁶, *chouvido*, *chouvir*⁹⁷, aparte de *loumiñeiro*, *-a*⁹⁸, *aloumiñadeiro*, *-a*, *aloumiñado*, *aloumiñante*, *aloumiñar*, *aloumiño*⁹⁹. Frente ás formas en *louv-* rexistra tamén *loya* ‘Patraña. Noticia falsa // Alabanza engañosa // Rumor, voz que corre, runrún’ que parece un caso de iode epenética sobre *loa*¹⁰⁰.

3.6. Ibáñez

En 1950 aparece a primeira edición dun singular dicionario da rima composto por José Ibáñez Fernández¹⁰¹, quen recolle moitos menos exemplos dos nosos cinco étimos que Carré. Non atopamos aquí ningún resultado de *caule*; pra *laudare* rexistra o noso vello coñecido *loanza*¹⁰² así como *louvar*¹⁰³ (continúa proscrito *loar*); pra *claudere* temos *choer*¹⁰⁴ e *choído*¹⁰⁵; na familia de *gaudere* é Ibáñez o primeiro dicionarista de cantos levamos vistos que inclúe os arcaicos *goio* (< *gaudiu*) e *goioso* (< *gaudio su*)¹⁰⁶, da evolución fonética dos cales falaremos no § 4.5.; pra *audire* de novo *oír* cae no silencio absoluto, aparecendo como de costume o portugués e fronteirizo *ouvir*¹⁰⁷, a mais do localísimo *oucir*¹⁰⁸ e do eterno invitado fantasma *ouzar*¹⁰⁹.

⁹³ *Op. cit.*, 327.

⁹⁴ *Op. cit.*, s.v. *loanza*.

⁹⁵ *Op. cit.*, 673.

⁹⁶ *Op. cit.*, 595.

⁹⁷ *Op. cit.*, 330.

⁹⁸ *Op. cit.*, 594.

⁹⁹ *Op. cit.*, 54.

¹⁰⁰ *Op. cit.*, s.v. *loya*.

¹⁰¹ J. Ibáñez, *Diccionario Galego da Rima e Galego-Castelán*, Madrid, 1950.

¹⁰² *Op. cit.*, 163.

¹⁰³ *Op. cit.*, 197.

¹⁰⁴ *Op. cit.*, 171.

¹⁰⁵ *Op. cit.*, 173.

¹⁰⁶ *Op. cit.*, 173.

¹⁰⁷ *Op. cit.*, 197.

¹⁰⁸ *Op. cit.*, 194.

¹⁰⁹ *Op. cit.*, 198.

3.7. Rodríguez González

Eladio Rodríguez González é responsable do mais pretencioso dicionario galego de cantos temos hoxe¹¹⁰, publicado entre 1958 e 1961, e que non escapou dos erros acumulados polos lexicógrafos anteriores.

De novo atopámo-la ausencia de *oír* fronte á recolleita de *ouvente* (é seguramente errata o *ouveante* que presenta a edición como entrada, cfr. o sinónimo que proporá pra *ouvinde*), *ouvido*, *ouvinde*, *ouvir* e *ouzar*¹¹¹; pra l a u d a r e recolle como entradas *loa*, *loanza* e (¡por primeira vez!) deste retrotrae o infinitivo *loar*¹¹², se ben agás en *loa* remite ás voces con epéntese, das que recolle *louva*, *louvabre*, *louvanza*, *louvor*¹¹³, engadindo os inexistentes *alouvamiñante*, *alouvamiñar*, *alouvamiñeiro*¹¹⁴, a mais de *aloumiñada*, *aloumiñado*, *-da*, *aloumiñador*, *-ra*, *aloumiñamento*, *aloumiñante-ta*, *aloumiñar*, *aloumiñarse*, *aloumiñeiro-ra*, *aloumiño*, *aloumiñón*, *-na*¹¹⁵; en troques, para c a u l e non recolle senón as formas monoptongadas *col*¹¹⁶ e *coella/coenlla*¹¹⁷, non rexistra o portugués *couve* nin outras formas con epéntese (anque si se citará algunha no *Apéndice* ó dicionario, como veremos mais abaixo); da familia de *gaudere* recolle os castelanismos *gozar*, *gozarse*, *gozo*, *gozos*, *gozosamente*, *gozoso* e o adxectivo *gouzoso* (*apud Crónica Troyana*)¹¹⁸; de *claudere* temos *choer*, *choerse*, *choído*, *-da*¹¹⁹.

Persoal da Editorial Galaxia completou o dicionario de Rodríguez González cun Apéndice no que se rexistra un bo número de termos que D. Eladio descoñecera e os cales foron recollidos en diferentes áreas rurais galegas por Aníbal Otero e outros. Neste *Apéndice* témo-la seguridade de atoparnos fronte a voces de existencia real e non fronte a material rutinariamente copiado de outras obras lexicográficas. É extensísimo, por exemplo, o número de variantes que presenta pra c a u l e e deriva-

¹¹⁰ E. Rodríguez González, *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, Vigo, 1958-61.

¹¹¹ *Op. cit.*, III, 61.

¹¹² *Op. cit.*, II, 541.

¹¹³ *Op. cit.*, II, 549.

¹¹⁴ *Op. cit.*, II, 130. Sobre a inexistencia destes vocábulos vid. Lorenzo, II, s.v. *loamineyro*.

¹¹⁵ Rodríguez González, I, 130.

¹¹⁶ *Op. cit.*, I, 572.

¹¹⁷ *Op. cit.*, I, 568.

¹¹⁸ *Op. cit.*, II, 418-19.

¹¹⁹ *Op. cit.*, I, 723-24.

dos, a inmensa maioría coa evolución septentrional da monoptongación: *coia*, *coio*, *coleira*, *coeiro*, *cobado*, *cobilleiro*¹²⁰, *covella*, *covelleiro*¹²¹, fronte ás meridionais *couba* e *coubella*, a extensión de tódalas cales analizaremos no § 6.; pra c l a u d e r e o *Apéndice* cita *enchoído*¹²² e a variante con labial epentética *chouver*, esta última localízase en Sárdoma-Vigo¹²³; acaso teñamos que considerar descendente de *gaudio* o *goio* (semellante ó que Carvalho¹²⁴ recolle na *Crónica Troyana*) que o *Apéndice* rexistra en Cangas de Morrazo coas acepcións de 'Ganga, cosa preciosa y barata, oportunidade rara y digna de provecho. Dádiva sorprendente. Cosa muy buena'¹²⁵; como variantes de *loa* e *loar* temos aquí *loia* e *loiar*¹²⁶, que se remontamos a étimos con l a u d- teremos que citar como casos de iode antihiática tipo *soio*.

O *Diccionario* de Rodríguez González remata cun vocabulario castelán-galego da mesma autoría que o *Apéndice* e resultado dunha refundición do *Vocabulario* das Irmandades da Fala¹²⁷, que non aporta prós cinco étimos que nos interesan ningún termo que non figurase xa no *Diccionario* ou no *Apéndice*.

3.8. Franco

O dicionario galego de uso hoxe mais corrente e consulta mais asequible é o de X.E. Franco Grande¹²⁸, que se basea en xeral nos datos de Rodríguez González aínda que engade algún termo novo ou suprime outros que sen dúbida interpretou como castelanismos.

É sintomático que cheguemos á lexicografía contemporánea sen que *oír* sexa rexistrado nos dicionarios, máxime tendo en conta que no mundo da filoloxía xa Dona Carolina Michaëlis, como vimos no § 2.2., rexeitara a idea de consideralo castelanismo. Franco só recolle formas en *ouv-*, *ouvido*, *ouvinde*, *ouvir*, e de novo *ouzar*¹²⁹, que leva así mais dun século de

¹²⁰ *Op. cit.*, III, 483.

¹²¹ *Op. cit.*, III, 485.

¹²² *Op. cit.*, III, 485.

¹²³ *Op. cit.*, III, 489.

¹²⁴ Herculano, nota 65.

¹²⁵ Rodríguez González, III, 514.

¹²⁶ *Op. cit.*, 522.

¹²⁷ Irmandades da Fala, *Vocabulario Castellano-Gallego*, A Coruña, 1933.

¹²⁸ X.L. Franco, *Diccionario Galego-Castelán e Vocabulario Castelán-Galego*, Galaxia, Vigo, 1972².

¹²⁹ *Op. cit.*, 661.

existencia ficticia; recolle tamén Franco como interxección pra chamar a outra persoa *oi*¹³⁰, que ben puidera deberse ó imperativo de *oír* ou a un cruce con este dalgunha interxección marca de vocativo; pra l a u d a r e suprime as entradas *loar*, que introducira D. Eladio, e *loanza*, que tiñamos rexistrada dende Cuveiro (cfr. § 3.2.), co que retorna á inxusta interdicción doutro termo xenuinamente galego e documentado na nosa literatura medieval; rexistra en troques *loadeiro* como evolución monoptongada senlleira da raíz l a u d-, pois o resto dos vocábulos que cita remontables a este lexema aparecen baixo a forma á portuguesa, como *alouvamiñante*, *alouvamiñar*, *alouvamiñeiro*¹³¹, *louva*, *louvabre*, *louvamiña*, *louvamiñar*, *louvamiñeiro*, *louvanza*, *louvar*, *louvor*¹³², aparte de que recolle tamén formas á galega en *aloumiñ-*: *aloumiñada*, *aloumiñado*, *aloumiñador*, *aloumiñamento*, *aloumiñante*, *aloumiñar*, *aloumiñarse*, *aloumiño*, *aloumiñón*¹³³. Seguindo tamén a Rodríguez González presenta Franco predominancia de formas galegas pra c l a u d e r e: só as meridionais *chouver*, *chouvir*¹³⁴ frente a *achoir*¹³⁵, *choedor*, *choeira*, *choer*, *choerse*, *choído*¹³⁶. En canto a g a u d e r e elimina os castellanismos que si presentara Rodríguez, se ben no *Vocabulario* que engade ó *Diccionario* da gozo e gozoso como equivalentes galegos dos mesmos termos casteláns. Este anticastellanismo de Franco que levamos visto na supresión dos por el malinterpretados *loar* e *loanza* que figuraban no dicionario anterior, así como na non recolleita de entradas en *goz-*—castellanismos vivos en galego— propásase de novo ó suprimir *col*, que tamén aparecía na obra de D. Eladio; Franco presenta o portugués *couve*, moi escaso en Galicia (cfr. § 6.4.) e a forma meridional galega *couva*¹³⁷. Como formas monoptongadas recolle, con todo, *coleiro*, *coeiro*, *coia*, *coio*, *coella*¹³⁸, así como *cóbado* (ó que nos referiremos no § 8.) e *cobilleiro*¹³⁹. A extensión de todas estas formas xa a veremos no § 6.

¹³⁰ *Op. cit.*, s.v. *oi*.

¹³¹ *Op. cit.*, 72.

¹³² *Op. cit.*, 595.

¹³³ *Op. cit.*, 72.

¹³⁴ *Op. cit.*, 340.

¹³⁵ *Op. cit.*, s.v. *achoir*.

¹³⁶ *Op. cit.*, 336.

¹³⁷ *Op. cit.*, 308.

¹³⁸ *Op. cit.*, 281-83.

¹³⁹ *Op. cit.*, 278.

3.9. Irmandades da Fala

Pasamos agora a ocuparnos dos diferentes vocabularios castelán-galego, bastante mais escasos en número que os dicionarios. O primeiro destes vocabularios que apareceu foi o das Irmandades da Fala¹⁴⁰, da tácita autoría de S. Mosteiro Pena e publicado en 1933; este *Vocabulario* plantexa nas súas *Advertencias Preliminares* que prescindirá de recolle-los termos galegos comúns no castelán, aínda que veremos algún exemplo que contradí este propósito de partida. En xeral os termos que presenta correspondentes ós nosos cinco étimos son mais ou menos os mesmos que aparecían nos dicionarios da época (o último do que dispuña o autor deste vocabulario era o de Carré, editado por primeira vez en 1928), aínda que con algunha innovación que notaremos.

É parco este vocabulario en resultados de *claudere*, pois só rexistra *choer*¹⁴¹; de *caule* recolle *couve* e tamén paradóxicamente *col*¹⁴², común co castelán e que Carré calara anque figuraba en Cuveiro, Valladares e o grupo de Filgueira; non cita ningún verbo derivado de *gaudere*, pero si o sustantivo *goio* e o adxectivo *goioso*¹⁴³, que como xa vimos no § 3.6. non figurarían nos dicionarios ata Ibáñez, sendo as Irmandades quen primeiro inclúen estes dous termos no mundo da lexicografía galega; *laudare* presenta neste *Vocabulario* diversos derivados, a maioría correspondentes á solución portuguesa, así *louvar*, xunto con *louvábel*, *louvado*, *louvador*, *louvor*¹⁴⁴, pero tamén rexistra —de novo contra a intención de suprimir todo o que soe a castelán— *loor*¹⁴⁵; a familia de *audire* é a mais numerosa, pero non temos aquí exemplos monoptongais, senón *ouvido*, *ouvidor*, *ouvir*¹⁴⁶, *ouvinte*¹⁴⁷, xunto coa locución *pol-o ouvir* ‘de oídas’¹⁴⁸ e tamén o *oucír* que xa aparecera en “El Pueblo Gallego” (cfr. § 3.4.) e o vello amigo *ouzar*¹⁴⁹.

¹⁴⁰ Irmandades da Fala, *op. cit.*

¹⁴¹ *Op. cit.*, s.v. *cerrar*.

¹⁴² *Op. cit.*, s.v. *col*.

¹⁴³ *Op. cit.*, 142.

¹⁴⁴ *Op. cit.*, 170.

¹⁴⁵ *Op. cit.*, s.v. *loor*.

¹⁴⁶ *Op. cit.*, 192.

¹⁴⁷ *Op. cit.*, 194.

¹⁴⁸ *Op. cit.*, 192.

¹⁴⁹ *Ibid.*

3.10. Crespo

A *Contribución* do P. Crespo Pozo¹⁵⁰, que nestes momentos está sendo reeditada e ampliada en tomos¹⁵¹, ten a virtude de cita-la fonte das voces galegas que recolle, tanto prás actuais como prás arcaicas, e presenta un cuantioso material remontable ós cinco étimos que vimos estudando.

Pra l a u d a r e recolle, ademais das voces latinizantes *laudar*, *alaudar*, *laudes*, *lauda* (as dúas últimas na literatura galaico-portuguesa), as solucións *loar* (nos cancioneiros) e *louvar* (tamén nos cancioneiros e ademais recollida en Viana do Bolo)¹⁵²; tamén rexistra os sustantivos *lauda* e *laude* (en obras medievais portuguesas), *loazón* (nos cancioneiros), *loia* (en Padrón), *loubanza* (en Viana do Bolo), *loubó* (*apud* Lugo) e *loubor* (medieval)¹⁵³. Pra c l a u d e r e recolle *choer* (en Rodríguez e demais dicionarios), *choir* (*apud* García de Diego e *Cantigas*) e *chouvir* (*apud* Xaquín Lorenzo)¹⁵⁴. Pra g a u d e r e, ademais de *gozar*, que non podemos explicar senón como castelanismo, recolle *goir* (nas *Cantigas de Sta. M^a*), *govir* (*apud* García de Diego) e *gouvir* (*apud* Machado)¹⁵⁵. Pra a u d i r e non recolle exemplos con monoptongación, co que parece caír tamén na consideración de *oír* como castelanismo; así, cita *ouvir* e *ouir*, ademais *oucer*, *oucir* (en Poio) —a primeira destas formas non aparece nas enquisas do *Atlas* (cfr. § 6)—, e de novo *ouzar*, que declara recoller en Ledoño, co que poderíamos interpretar, se é que nos fiamos desta documentación, que trascendeu a algún falante a partires dos dicionarios¹⁵⁶; ademais cita *ouvido* (*apud* Valladares), *ouvidas* (*apud* Lamas Carvajal)¹⁵⁷ e *ouvinde*, que da por moi corrente¹⁵⁸. Pra c a u l e son numerosos os derivados e resultados¹⁵⁹: cita formas con e sin diptongo, así, temos *col* (nas *Cantigas de Sta. M^a* e *apud* Planellas), *col mariña* (*apud* Cuveiro), *col de pena* (en Cambados), *cola* (na *General Estoria*), *colas* (plural que considera persis-

¹⁵⁰ Crespo, *op. cit.*

¹⁵¹ J.S. Crespo, *Nueva Contribución a un Vocabulario Castellano-gallego con Indicación de Fuentes e Inclusión del Gallego Literario (Gallego-Portugués)*. Vol. I, A-E, Ourense, 1972; Vol. II, F-J, Ourense, 1979.

¹⁵² *Op. cit.*, I, s.v. *alabar*.

¹⁵³ *Op. cit.*, I, s.v. *alabanza*.

¹⁵⁴ *Op. cit.*, I, s.v. *cerrar*.

¹⁵⁵ *Op. cit.*, II, s.v. *gozar*.

¹⁵⁶ Vid. Pensado, 294.

¹⁵⁷ Crespo, *Contribución*, 456.

¹⁵⁸ *Op. cit.*, s.v. *oyente*.

¹⁵⁹ Crespo, *Nueva Contribución*, I, s.v. *col*.

tente hoxe), *coia*, *coleira* (en diversos puntos de Galicia), *couva*, *couve* (*apud* García de Diego); prá col cando nace rexistra *alcouve* (en Poio), *alcouvo* (en Cangas de Morrazo), *couvella* (en Corzans), das formas *alcouve* e *alcouvo* falaremos no § 8; pró pau da col recolle en diversos puntos *cóbado*, *cobilleiro*, *coeiro*, *coio*, *couveiro*, *cueiro*; tamén rexistra o derivado *nabicol*, que cita como corrente en Pontevedra.

3.11. Fernández del Riego

O recente *Vocabulario Castellano-Gallego* de F. Fernández del Riego¹⁶⁰ é desigual á hora de presentar resultados pra estes cinco étimos; así, mentras nalgún caso manifesta coñecer bastante ben a nosa realidade lingüística noutros cae nos defectos dos lexicógrafos precedentes.

Na entrada *col* é onde mais sinónimos recolle: *col*, *coube*, *coia*, *couba*, *coubella*¹⁶¹; a voz *cerrar* inclúe *choer*¹⁶² entre os seus equivalentes gallegos, en tanto que non recolle exemplos da solución portuguesa, tipo *chouvir*; pola contra *loar* e *oír* chegan ós tempos mais recentes da nosa lexicografía ocultos baixo a lei do silencio, figurando só nestas entradas e nas dos seus parentes léxicos formas á portuguesa: *louvable*, *louvador*, *louvar*¹⁶³, *louvor*¹⁶⁴, *ouvido*, *ouvidor*, *ouvir*¹⁶⁵; as entradas *gozo* e *gozoso* (non aparece *gozar*) presentan xunto con estas mesmas formas, tomadas do castelán, os arcaísmos *goio* e *goioso*, pero non *gouzo* nin *gouzoso*, nin voces portuguesas¹⁶⁶.

En xeral Fernández del Riego cita formas aparecidas nos anteriores dicionarios e vocabularios, fai xusticia a *col*, aínda que non a *oír* nin *loar*, pero notemos que por primeira vez na historia da lexicografía non aparece *ouzar*. *Requiescat in pace*.

4. OS DIFERENTES CASOS DE a u > o

Algúns lingüistas como García de Diego¹⁶⁷ non consideraron a exis-

¹⁶⁰ F. Fernández del Riego, *Vocabulario Castellano-Gallego*, Galaxia, Vigo, 1979.

¹⁶¹ *Op. cit.*, s.v. *col*.

¹⁶² *Op. cit.*, s.v. *cerrar*.

¹⁶³ *Op. cit.*, 207.

¹⁶⁴ *Op. cit.*, 26.

¹⁶⁵ *Op. cit.*, 239.

¹⁶⁶ *Op. cit.*, 171.

¹⁶⁷ García de Diego, *Elementos*, § 22d.

tencia pra a u doutra evolución galega que non fose *ou* —monoptongacións latinas aparte—, e esta consideración de *ou* como único resultado xenuinamente galego pra a u parece que actuou no subconsciente —se cadra mais ben no consciente— de lexicógrafos e escritores, algúns dos cales obraron como se a evolución a u > *ou* fose unha especie de cuestión de honor nacionalista, resistíndose a aceptar unha realidade que tiñan á vista, daí que exemplos como *oír* e *loar* fosen ignorados polos dicionaristas e rexeitados por tantos escritores en favor das formas portuguesas *ouvir* e *louvar*. Paradóxicamente son os portugueses os primeiros en reivindicar a galeguidade destes resultados monoptongais, como tivemos ocasión de expoñer no § 2. *Col* non tivo a menor fortuna a nivel de investigadores, pois o propio Herculano de Carvalho pasou este termo por alto probablemente por deficiencias de información sobre o galego; ademais, como veremos, o resultado monoptongal deste vocábulo esixe unha explicación diferente ó dos catro infinitivos.

Ocupémonos agora de ollar diversos casos de *o* procedente de a u en galego, algúns dos cales foron coñecidos dos lingüistas dende sempre, outros só explicados en tempos recentes e outros aínda non estudados cunha mínima profundidade.

4.1. Monoptongacións latinas

Procedentes do umbro e falas veciñas¹⁶⁸ o latín recollera casos de \bar{o} onde a lingua clásica tiña a u, esta antiga redución é responsable dalgúns vocábulos galegos.

Orella, por exemplo, tráenos á mente o *auris non oricla* do *Appendix Probi*, se ben Lausberg remonta o monoptongo a un fenómeno de fonética sintáctica: *illa auricula* > *ill' uricula*¹⁶⁹.

Plauto empregaba a u l a onde o latín posterior diría \bar{o} l l a¹⁷⁰, non é exactamente o mesmo caso que outras monoptongacións osco-umbras xa que \bar{o} l l a pertence propiamente ó latín clásico e non só ó vulgar, pero o certo é que se dou substitución de a u por \bar{o} , compensando a monoptongación coa xeminación da consoante intervocálica, e daí témo-lo *ola* [ólɐ] do galego.

¹⁶⁸ V. Väänänen, *Introducción al Latín Vulgar*, Gredos, Madrid, 1971, 75.

¹⁶⁹ Lausberg, I, 227, nota 57.

¹⁷⁰ A. Blánquez Fraile, *Diccionario Latino-Español*, R. Sopena S.A., Barcelona, 1954, s.v. *aula*.

Corominas e Pascual remiten o cast. *hoz* ‘angostura de un valle profundo’¹⁷¹ ó latín vulgar *fōx / fōcis*, e na explicación engaden datos sobre casos portugueses de *Foz*. Esta é tamén a explicación do *Foz* existente na costa lucense, pero a presenza na xeografía dun *Fazouro* poucos kilómetros ó Oeste de Foz fainos pensar na posibilidade de existencia no latín chegado a Galicia do dobrete *faux / fōx*, existencia que admiten Corominas-Pascual, se ben neste caso non é lóxico sospeitar diferenciación semántica por referírense os dous termos a desembocaduras de ríos (respectivamente Masma e Ouro). Efectivamente é doado interpretar *Fazouro* como resultado dunha disimilación en **fauceauri* debida á proximidade de dous diptongos a u; pensar nalgunha disimilación a partires de **fōceaauri* antóllasenos mais que arriscado. Por outra parte non deixa de extrañárno-lo feito de que *Foz* se realice normalmente con [q], a pesares de proceder esta vocal dunha longa latina *ō*, se cadra a tonicidade do monosílabo propiciou esta abertura (que non se dou en *sol*), a non ser que haxa unha explicación distinta do monoptongo.

4.2. Monoptongacións ante labial

A absorción da semivocal velar e labializada do diptongo *ou* por unha consoante labial que a suceda é a explicación aceptada por Corominas-Pascual pró portugués *bôbo* < *balbu*¹⁷² e que sen ningún impedimento podemos aceptar tamén pró *bobo* galego. Non foi neste lexema rigurosa a redución do diptongo, como proba o *bouba* galego que Franco Grande¹⁷³ traduce por ‘mentira jocosa’ así como o dialectalismo portugués *boubo* e o mirandés *bôibo*, citados por Corominas-Pascual¹⁷⁴.

Polo que respecta ós exemplos *pobre/probe* < *paupere*, Menéndez Pidal supuxera un latín vulgar **pōpere*, que, como ben razona Corominas¹⁷⁵, non podería explica-la abertura do *o* no seu resultado portugués, polo que Corominas-Pascual interpretan este exemplo como outro caso de redución ante labial semellante ó de *bobo*¹⁷⁶. Da abertura da vocal nas dúas palabras xa falaremos no § 7.

Menéndez Pidal remontara ó lat. *calvus* topónimos galegos como

¹⁷¹ Corominas-Pascual, III, s.v. *hoz* 2.

¹⁷² *Op. cit.*, I, s.v. *bobo*.

¹⁷³ Franco, s.v. *bouba*.

¹⁷⁴ Corominas-Pascual, I, s.v. *bobo*.

¹⁷⁵ *Op. cit.*, IV, s.v. *pobre*.

¹⁷⁶ *Ibid.*, pero Lausberg, I, 277, nota 59, considera *pobre* galicismo na Península.

*Cobos, Cobo, Cobelo, Covelos*¹⁷⁷, aunque sen comenta-lo porqué da monoptongación. Recentemente A. Veiga Arias¹⁷⁸ documenta no século X a forma latina orixinaria do topónimo *Covelos*, cousa que confirma a hipótese de Pidal. Considera, pois, Veiga a *Cobo*, etc. como resultado da asimilación do [u] á consoante seguinte, fenómeno ó que tamén refire a forma *lobio* (< suevo *l a u b j o)¹⁷⁹.

4.3. Monoptongacións ante consoante implosiva. O exemplo "col"

Joseph M. Piel¹⁸⁰ documentou a forma *Laure* como antecedente do nome do río Lor, afluente do Sil que rega unha bisbarra no Sur de Lugo, onde aparecen topónimos recollendo o nome do río. Relaciona Piel inmediatamente este *Laure* co xenitivo latino de *L a u r u s* ou *L a u r i u s*, étimo que propón tamén pra un *Loure* do distrito de Aveiro (Portugal)¹⁸¹. Non hai problemas pra derivarmos *Loure* de *L a u r i* ou *L a u r i i*, pero a vocal de *Lor* si require unha explicación que Piel non apuntou.

Do mesmo lexema fai provir Porto Dapena¹⁸² o galego *lorbaga* (< *l a u r i b a c a*)¹⁸³, e si lle extrañou a este autor o resultado monoptongal, que incluíu como exemplo de monoptongación latina.

Estes dous exemplos son recollidos e reinterpretados na súa Tese de Doutoramento por Veiga Arias, que os pon en relación coa evolución de *Mor* < *M a u r i*, *Vilamor* < *v i l l a M a u r i* (habitualmente castelanizado en *Villamor*) e *Morgade* (do antropónimo *Mauregato*)¹⁸⁴. Efectivamente, os documentos recollidos por Veiga non permiten dubidar de que son *M a u r i* e *v i l l a M a u r i* os étimos dos *Mor* e *Vilamor* da toponimia e onomástica galegas. A parella *Mor/Moure* vese como paralela ós exemplos *Lor/Loure* que recollera Piel remontando a *L a u r i* (cfr. *supra*). A explicación proposta por Veiga pra estas monoptongacións é consideralas como unha terceira fase na evolución do diptongo a u ante vibrante im-

¹⁷⁷ R. Menéndez Pidal, *Orígenes del Español*, Madrid, 1972⁷, § 20-25.

¹⁷⁸ A. Veiga, *Algunas Calas*, § 8.20.

¹⁷⁹ *Ibid.*

¹⁸⁰ J.M. Piel, "Novos Fragmentos de Toponimia Galega Oriunda de Nomes de Señoríos Rurais Medievos", en *Verba*, 2, 1975, 45-58.

¹⁸¹ *Art. cit.*, 53-54.

¹⁸² J.A. Porto, *El Gallego Hablado en la Comarca Ferrolana*, Univ. de Santiago, 1977.

¹⁸³ Na edición aparece a errata *b a c c a*.

¹⁸⁴ Veiga, § 8.14.

plosiva¹⁸⁵, fundamentándose isto na intolerabilidade da estrutura fonemática do galego en canto a combinacións de fonemas implosivos agás tres casos moi concretos, sendo nos tres *s* o segundo membro do grupo. Efectivamente, o mesmo autor na súa *Fonología Gallega*, publicada en 1976¹⁸⁶ indicaba as tres combinacións de fonemas que poden aparecer en posición implosiva en galego —por suposto realización de archifonemas, únicas unidades fonemáticas que poden nesta lingua figurar no marxe de distensión silábica¹⁸⁷—, estes tres grupos son:

/I S/ , realización fonética común [is], exemplo: *pais*;

/U S/ , realización fonética común [us], exemplo: *dous*;

/N S/ , realización fonética común [ns], exemplo: *mans*.

Unha curiosa característica común ás tres combinacións é que mentras cada unha delas é correntísima en determinadas zonas do galego, a súa frecuencia é pequena ou nula noutras; así, mentras /I S/ é rentabilísimo no galego oriental, que di *cais* (plural de *can*), *animais*, *pantalois*, é moito menos frecuente no resto de Galicia; /U S/ ten na Galicia centro-oriental, a que di *irmaus*, o seu principal centro de acción, sendo moi pouco rentable na Galicia occidental; o contrario sucede a /N S/, que impera no galego de *irmáns* e *pantalóns*, sendo descoñecido fóra deste territorio agás en cultismos tipo *constitución*, *instancia*, etc.

Pois ben, estas restricións nas posibilidades de combinar fonemas no marxe implosivo é a responsable pra Veiga da monoptongación en *Mor*, *Vilamor*, *Morgade*, *lorbaga*, *Lor*: “se trataría [...] de una asimilación total de la semivocal [ɥ] por parte del núcleo silábico [o], asimilación que podría estar facilitada por el carácter abierto de la líquida y por tratarse de una coda silábica [ɥr] de dos segmentos, que en gallego no es en modo alguno habitual”¹⁸⁸.

Mais adiante engade un novo exemplo de monoptongación *ou* > *o* no que non é xa *r* o sonido implosivo que segue ó diptongo, senón *l*. Trátase do antropónimo xermánico *Adolfo* < A t a u l f u: “lo mismo aquí, en el caso de *Adolfo*, que antes en el de *uilla Mor*, el diptongo [au] > [ou] va seguido de una líquida implosiva que debe facilitar la asimilación total de la semivocal por el núcleo silábico”¹⁸⁹. Conclúe Veiga que *ou* non

¹⁸⁵ *Ibid.*

¹⁸⁶ A. Veiga, *Fonología Gallega*, Bello, Valencia, 1976.

¹⁸⁷ *Op. cit.*, 119.

¹⁸⁸ Veiga, *Algunas Calas*, § 8.14.

¹⁸⁹ *Op. cit.*, § 8.17.

pode aparecer seguido de mais coda silábica que [s] ou [θ], recollendo este último fonema no exemplo *Fouz*, excepción ó postulado na *Fonología* sobre a única posibilidade de combinación /lS/, /US/, /NS/ no marxe implorivo; con seguridade a proximidade fónica [s] / [θ] ou mellor [s] / [š], pois [š] debía se-lo sonido final de *Fouz* trala apócope e antes da interdentalización, enxordecendo por ser final (cfr. port. l u c e > [lúš], con xorda), é o que fixo posible a existencia deste exemplo aillado. Remata Veiga propoñendo a modo de lei fonética que “el diptongo [ou] procedente de [au] se monoptonga en [o] cuando va seguido de [r] o [l] en la coda silábica” (*Ibid.*).

É neste punto onde podemos meter en danza o resultado monoptongal c a u l e > *col*; de feito, se aceptámo-la hipótese da redución *ou* > *o* ante consoante imploriva distinta de [s] ou [θ] non hai o menor problema pra que sexa *col* o resultado lóxico de c a u l e, pensemos que a apócope de *-e* é normal tras *l*¹⁹⁰, co que chegados a **coul* o diptongo monoptonga pola mesma razón que en *Mor*, *Vilamor*, *Morgade*, *lorbaga*, *Lor* e *Adolfo*, lista de exemplos de *ou* > *o* condicionado pola estrutura da coda silábica á que temos que engadir, pois, *col*. En calquera caso, esta explicación parécenos mais verosímil cá complicada evolución que pró *col* galego propoñen Corominas e Pascual¹⁹¹, os que, rexeitando a tentación do castelanism en base á superabundancia na agricultura e gastronomía galegas deste produto hortícola, supoñen un singular *col* retrotraído do plural *coles* que procedería dun primitivo **coes* < c a u l e s influído polas formacións analóxicas do plural tipo *mal-males*, explicación bastante rebuscada e endeble, pois non é moi lóxico supor unha restitución de *-l-* en **coes*, analóxica con plurais de singulares en *-l*, nunha palabra o *-l* do singular da cal se pretende precisamente extraer deste plural analóxico.

Por suposto que o *couve* portugués esixe a posibilidade meridional de non apócope de *-e* e consecuente caída do *-l* que ficara intervocálico.

En canto ó grado de abertura do *o* procedente de diptongo ante imploriva, xa falaremos con detimento no § 7.

4.4. Monoptongacións ante vocal nuclear. Os exemplos “oír”, “loar”, “choer”, “goír”

Vimos de interpretar como as leis restritivas na distribución dos fo-

¹⁹⁰ García de Diego, *Elementos*, 23.

¹⁹¹ Corominas-Pascual, II, s.v. *col*.

nemas do galego son a causa de monoptongación a u > ou > o en *col* e outros exemplos. Na nosa ollada ós casos de resultado galego o do a u latino pasamos xa a enfrentarnos cos vocábulos que nos deron pé prá realización deste traballo: *oír*, *loar*, *choer* e o arcaico *goír*, derivados, como xa ben sabemos, de significantes latinos con a u d seguido de vocal.

Xa antes comentáramo-los problemas que esta evolución causou a moitos investigadores e a postura de Herculano de Carvalho, quen, mostrando a innecesiedade e imposibilidade de acepta-la hipótese da monoptongación latina, considerara *ouir* etc. como o primeiro estado na evolución do diptongo trala síncopa do -d- e que daí o portugués introducira un -v- antihiático e o galego suprimira a semivocal pra resolveren o “inusitado tritongo -oui-, -oua-”¹⁹²; Lorenzo, pola súa parte, fala de “dip-tongo inusitado” referíndose sen dúbida á aparición dun diptongo decrecente ante vocal¹⁹³, e Corominas-Pascual estiman corrente a redución *ou* > *o* ante hiato¹⁹⁴.

Estas consideracións están na pista de que o resultado monoptongal pode deberse, como no caso de *col*, a razóns inherentes á estrutura da distribución fonemática en galego. Veiga Arias, na súa *Fonología*¹⁹⁵ expón que no caso das *glides* (semiconsoantes e semivocais) intervocálicas a fronteira silábica non está tan clara como coas consoantes, pero en *caiado* e *mauiña* parece mais verosímil interpretar que os diptongos son crecentes. O feito de que a fronteira silábica nestes casos sexa funcionalmente indiferente pola inexistencia dunha parella opositiva tipo [maɥ-íɲɐ] / [ma-wí-ɲɐ] sitúanos ante un problema mais fonético que fonolóxico¹⁹⁶. Unha ollada ó noso idioma revélano-la non existencia de secuencias diptongo decrecente + núcleo silábico, isto é, de semivocal [j] ou [ɥ] + vocal; pensamos que casos como o diminutivo dialectal *mauiña*, no suposto de que considerásemo-la posibilidade de interpretármolo *u* como implosivo, non deberían ser tomados como típicos pola súa escasez e o seu carácter sufixal.

Así as cousas e coñecendo a existencia na literatura medieval da tríada *oír/ouir/ouvir*¹⁹⁷, como tamén a aparición na xeografía do galego

¹⁹² Herculano, 229.

¹⁹³ Lorenzo, II, s.v. *loar*.

¹⁹⁴ Corominas-Pascual, IV, s.v. *oír*.

¹⁹⁵ Veiga, *Fonología*, 122.

¹⁹⁶ *Op. cit.*, 123.

¹⁹⁷ Lorenzo, I, XXIII.

doutras formas que veremos no § 5, podemos concluí-la actuación dun novo condicionamento na distribución das semivocais: [i̯] e [u̯] non poden atoparse en galego mais que en posición final, seguidos de consoante explosiva ou ante [s] (e [θ] no exemplo *Fouz*) implosivo. Por esta razón, cando na historia da lingua se chegou por caída de -d- (tratado como intervocálico tras a u, cfr. § 2.2.) a formas tipo *ouir*, este resultado inestable esixiu adaptarse ás posibilidades combinatorias da fonemática galega e así xenerou na zona meridional unha consoante que se interpuxese entre a semivocal e o grupo silábico seguinte namentras que na zona septentrional a solución partiu da supresión desta semivocal; así obtemos los resultados a u d i r e > *oir*, l a u d a r e > *loar*, c l a u d e r e > *choer* e g a u d e r e > *goír*. Aceptamos, pois, que así como ante outra implosiva Veiga Arias postulara a existencia de tres grados, a u > ou > o, na evolución do diptongo latino, este mesmo camiño segue o diptongo cando queda precedendo a unha vocal.

Non son *oir*, *loar*, *choer*, *goír* os únicos exemplos de ou > o ante núcleo silábico, Herculano de Carvalho¹⁹⁸ citara tamén algúns topónimos remitibles a étimos en g a u d-, restrinxíndonos ós exemplos aportados nos que aparece o resultado a u > o estes son *Goence*, *Goente*, *Goyente* < g a u d e n t i i. De *Goyanes* e similares falaremos no subapartado seguinte.

A esta monoptongación ante núcleo silábico debemos tamén os resultados de algúns derivados de c a u l e, así *c a u l i c u l a > *coella*, *c a u l i n a > *coiña*, *c a u l a r i u > *coeiro*; no § 6 veremos con detimento tódalas posibles variedades dialectais destes resultados de c a u l e e os seus derivados.

4.5. Monoptongacións ante vocal non nuclear

As dúas posibilidades de actuación do diptongo decrecente en canto á consoante ou grupo que o sucede, isto é, o feito de que unha semivocal poda trata-la consoante seguinte como postconsonántica (o caso xa citado de *pouco*, cfr. § 2.2.) ou como intervocálica (o caso de *oir* ou *coi[z]a*, cfr. *ibid.*) é visible na xeografía galega prós resultados dalgunhas formas do verbo a u d i r e nas que intervén o grupo -d j- precedido de a u, como a u d i o, a u d i a m, etc. Efectivamente, fronte a resultados como *ouzo/ouso*¹⁹⁹, antigo *ouço* < a u d i o, nos que a evolución do grupo é como en posición postconsonántica (cfr. *v i r d i a > *berza*, a d m o r d e u > *almor-*

¹⁹⁸ Herculano, 230 s.

¹⁹⁹ A.L.G., mapa n^o 294.

zo), a solución mais extendida de *a u d i o* é *oio*²⁰⁰, onde o grupo presenta unha das súas posibles evolucións intervocálicas (cfr. *m o d i u* > *moio*, *r a d i u* > *raio*, *p o d i u* > *poio*), diferente da outra evolución, non semiculta e mais espontánea, que dou como resultado unha fricativa palatal antigamente sonora e hoxe desonorizada (**d e s i d i a r e* > *desexar*, *h o d i e* > *hoxe*)²⁰¹. Volvendo ás formas tipo *oio*, a realización fonética deste *i* é correntemente semiconsonántica, pois prá maioría dos falantes que distinguen *moio* de *mollo* a diferenciación baséase na presenza/ausencia de rasgo consonántico^{201 bis} na palatal. Estimamos que historicamente é [j] o resultado de -dj- con este tratamento —se ben posteriormente pode consonantizar en [y] ou chegar a perder toda diferenciación con ll— e o fenómeno que agora imos ver debe ser atribuído ó carácter vocálico deste resultado de -dj- en posición débil.

Ó lado da parella *oio/ouzo* que xa comentamos (vid. *supra*), a fonética histórica galega presenta tamén dobletes nas palabras da familia de *g a u d i u m*, así, na nosa literatura medieval pódese atopar *gouço* ou *gouçoso* —con tratamento postconsonántico do grupo— fronte a *goio* e *goioso* —con tratamento intervocálico semiculto— e a esta segunda evolución temos que atribuír tamén os resultados documentados en portugués *goivo* e *gouuha* < *g a u d e a* (o *h* representa un iode)²⁰².

É indubidable a conexión deste fenómeno co que apuntáramos no párrafo anterior sobre a intolerancia en galego de semivocais seguidas de núcleo silábico. Aquí a evolución intervocálica *d j* > [j] leva a solucións similares: en galego, á desaparición da semivocal, *g a u d i u* > **gouio* > *goio*; en portugués, ó xurdimento dunha labial epentética: **gouio* > *gouvio* e, con posterior troque de semivocal (cfr. *cousa* > *coisa*) é disimilación dos dous sonidos vocálicos de abertura mínima que leva á perda do segundo, *goivo*.

²⁰⁰ *Ibid.*

²⁰¹ J.J. Nunes, *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*, Lisboa, 1969⁷, 145.

^{201 bis} Referímonos ó feito de ser [j] realización prenuclear do archifonema das vocais anteriores /i/, poseendo, pois, os rasgos distintivos binarios + vocálico e - consonántico, en tanto que /i/, como fonema líquido, presenta os rasgos + vocálico e + consonántico (cfr. Ž. Muljačić, *Fonología General*, Barcelona, 1974, 100). Sobre as repercusións fonolóxicas do iísmo remito a Veiga, *Fonología*, § 5.7; en canto ó sonido [y] e as moitas dificultades que plantexa consideralo fonema consonántico mesmo en castelán e fronte á postura de Alarcos, véxase A. Veiga, “Cuestiones Fonológicas”, en *Estudios Ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, II, Oviedo, 1978, 257-80.

²⁰² Herculano, 231-32.

Á luz destes resultados podemos considerar que non só as vocales nucleares esixen a desaparición dunha semivocal da sílaba anterior que quedase en contacto con elas por algunha razón, senón que tamén as semiconsoantes plantexan a mesma restrición distribucional. Volvendo á estrutura da cadea fonemática do galego atopamos que non existe a posibilidade de combinacións [j], [jw], [ɥ], [ɥw], isto é, de semivocal seguida de semiconsoante, ou, o que é o mesmo, de diptongo decrecente seguido de diptongo crecente. Así, se queremos enunciación unha lei fonética, podemos englobar este fenómeno co xa visto no § 4.4. e concluír que o diptongo *ou* se reduce a *o* en galego sempre que vaia seguido de calquera sonido vocálico.

Neste apartado da monoptongación ante semiconsoante temos que incluí-los topónimos tipo *Goián*, *Goiáns* (amiude grafiados con *y* ou baixo formas como *Goyanes*) que recollera Carvalho no seu artigo citado²⁰³; acepta-la etimoloxía referida a un xermánico *g a u j a* como segundo Carvalho opina Piel²⁰⁴ preséntano-lo diptongo en contacto cun iode no mesmo étimo, e se o remontásemos a *g a u d i l a / - a n i s*, étimo que Piel acabou por rexeitar²⁰⁵ o iode aparecería só trala caída de *-d-* e *-l-*.

Remontar *Gayoso* a *G a u d i o s u* lévanos a considera-la posibilidade de perda de [ɥ] cando o diptongo aínda era *a u*, aunque isto se pode deber á antigüidade do fenómeno ou ó carácter semiculto e relixioso de *g a u d i u m* e derivados, que puideron manter algún tempo a forma orixinal²⁰⁶. En canto ó *Goy* da toponimia e onomástica galegas non hai problema pra adxudicalo a un xenitivo do nome de persoa *g a u d i u s*, que tamén cita Carvalho da man de Piel.

5. "OIR" NA XEOGRAFIA LINGÜÍSTICA GALEGA

Presenta a *u d i r e* unha variada serie de resultados ó longo da xeografía do galego, que imos comentar en base ás informacións do *Atlas Lingüístico Galego*²⁰⁷, gracias ó cal podemos xa determina-la extensión

²⁰³ *Art. cit.*, 229.

²⁰⁴ *Ibid.*, nota 60.

²⁰⁵ *Ibid.*

²⁰⁶ *Art. cit.*, 231.

²⁰⁷ A.L.G., mapa nº 308. Estando de momento inéditos os mapas do *Atlas* tivemos que consulta-los orixinais preparados polo equipo do Instituto da Lingua Galega. A numeración que sinalamos pra estes mapas é a nestes momentos proposta pra se-la definitiva.

das variantes como desexara Herculano de Carvalho²⁰⁸. No total de modalidades dialectais atoparemos algunhas “normais” segundo a evolución septentrional, outras que se achegan ó resultado portugués, outras sen monoptongación nin epéntese, outras que por camiños diversos percuran a resolución do problema da inestabilidade de [ɥ] ante núcleo silábido e outras que esixen explicacións varias.

5.1. Monoptongación

Das sete provincias²⁰⁹ de fala galega —as catro de Galicia e mailas comarcas limítrofes de Oviedo, León e Zamora— é esta última a única onde o *Atlas* non recolle exemplos das formas *oír/oir*, que se estenden polos dominios do galego sendo a súa aparición notablemente mais frecuente cá das outras variantes. Pouco temos que dicir destes resultados ós que levamos dedicados os apartados anteriores deste traballo. Sinalemos que a abertura esperada pró *o* deste infinitivo sería a cerrazón, [o], por atoparse en posición átona, onde a oposición de abertura [ɔ] / [o] non existe agás en casos moi concretos, sendo [o] a realización fonética común do seguinte archifonema /O/₁²¹⁰, con todo é *oír* a solución que atopamos como maioritaria xeográficamente, solución na que podería funcionar a analoxía con formas do verbo que por razóns metafónicas ou doutro tipo puidesen ter [ɔ], pero consideraremos con mais atención a posibilidade de que a abertura se deba á antigüidade da caída de [ɥ], cousa da que falaremos con detimento no § 7.

5.2. Non monoptongación e epéntese de labial

Despois de *oír* é este o caso mais extenso, se ben con notoria diferenza, pois as formas tipo *ouvir* son claramente meridionais: aparecen espalladas polo Sur de Pontevedra e Ourense, así como na zona galegófona de Zamora: en conclusión, nos territorios lindantes con Portugal. De novo temos alternancia de timbre, rexistrándose nestas comarcas tanto [ou̯bʲi] como [ou̯bʲi], se ben [ou̯] non aparece mais que en Bande (Ourense) e Porto (Zamora). Lembremos que no caso do diptongo *ou* aínda teríamos unha razón mais pra esperar cerrazón do *o*, por se-lo núcleo nesta ocasión

²⁰⁸ Herculano, 228.

²⁰⁹ Compriría engadir os resultados nas falas septentrionais de Portugal, pra algúns propiamente galegas, pero non dispomos de material.

²¹⁰ Veiga, *Fonología*, 3.10.

resultado dunha neutralización condicionada polo contexto que desemboca no archifonema /O/₂²¹¹.

5.3. Non monoptongación e non epéntese

Referímonos neste apartado ás formas primitivas tipo *ouir*, documentadas por Lorenzo (cfr. § 1.) e Carvalho (cfr. § 2.4.) nas súas obras consultadas, e que se detiveron na súa evolución resistindo neste caso o [ʊ] nunha posición que o galego non tolera — polo menos isto é o que se desprende da interpretación fonética dos autores das enquisas pró A.L.G., aínda que nun caso así non é moi doado establece-las fronteiras silábicas como xa citáramos no § 4.4.—

Este tipo de resultados atopámolo fundamentalmente na Galicia occidental, así [ouí] témosto salpicado pola provincia de Pontevedra e puntos da metade occidental da Coruña, namentras que a variante [ouí] aparece só en tres lugares: San Cibrao-Palas de Rei (Lugo), Barizo-Malpica (A Coruña) e Salgueiros-Dumbría (A Coruña).

Situadas estas formas tras *oir* e *ouvir* polo que a extensión xeográfica se refire (cfr. *supra*) e a pesares da súa documentación na literatura medieval, os lexicógrafos, coas excepcións de Cuveiro e Crespo, ignoraron a súa existencia, como xa vimos nos diversos subapartados do § 3.

5.4. Epénteses non labiais

A solución meridional ó “desacougo” do diptongo decrecente ante vocal, a aparición dunha consoante antihiática, aparece tamén no galego asturiano, pero neste caso non é unha labial o que xorde separando o [ʊ] da vocal seguinte, senón unha velar sonora, normalmente relaxada como intervocálica, [g̃]. Non é de extrañar esta aparición, pois se a semivocal xerara no portugués unha labial fundamentada no carácter labializado de [u] igualmente a súa localización velar pode producir este [g̃]. Son varias as posibilidades dialectais no galego do Occidente de Asturias sendo *ouguir* [ouḡi] a mais extendida, espallada polas zonas limítrofes da provincia de Oviedo; en troques a súa variante con [o], [ouḡi], só aparece en Oscos. E como exemplo do variopinto e complicado do mundo da dialectoloxía témosta a localidade de Boal onde as enquisas rexistraron tres enresadas variantes de a u d i r e. En primeiro lugar aparece *auguir* [auḡi], que nos leva a postula-la epéntese (*ergo* a caída do -d-) cando o diptongo

²¹¹ *Op. cit.*, § § 3.14., 3.15.

era aínda *au*. No mesmo lugar aparecen [au̯gwíɹ] e [ou̯gwíɹ], cunha dobre epéntese de [gw] na que parece que se lle foi a man á velaridade de [ɹ] como potencia creadora.

5.5. Cambio de silabación

Moi concretamente representada no mapa, exactamente só en San Antolín de Ibias (Asturias) está outra solución ó problema do [ɹ] seguido de vocal: a transformación deste sonido en semiconsoante, ou, o que é o mesmo, a redistribución silábica dos sonidos da palabra. Na citada localidade as enquisas recolleron [qwíɹ] e [awíɹ] podendo se-la segunda variante interpretada como cambio de silabación o bastante antigo como pra que se conserve o *a* orixinario. Pero en realidade tampouco é normal atopar en galego un [w] iniciando sílaba.

5.6. Outras solucións ou variantes

Na localidade luguesa de Lama (Noceda-Cervantes), zona dos Ancares, temos un sorprendente [qiíɹ] no que a semivocal cambiou de serie, disimilándose da articulación da vocal precedente e asimilándose á da seguinte pero sen se fundir con ela, o que non debe facer moi doada a pronunciación desta variedade. Non é a asimilación ó *i* seguinte a única explicación, pois cambios de diptongo pódense dar noutros casos como por ex. *loiro* ou port. *coisa*.

E non nos queda senón o *oucir* que recollemos en Belecón-Caseiro-Avión (Ourense), a explicación do cal rebase o terreo da fonética histórica pra levarnos ó campo das analoxías morfolóxicas. Debemos explica-la aparición da interdental a partires das formas verbais nas que se deira o grupo -d j-, lembrémo-los exemplos tipo *ouço* < a u d i o que documentaran Lorenzo²¹² ou Carvalho²¹³. O *oucir* do lugar ourensán vería a se-lo único exemplo na xeografía galega de triunfo das formas con [j] sobre as que non tiñan semiconsoante, pois todo o paradigma presenta o lexema [ou̯θ-]; con seguridade este localismo, unido á difusión sobre todo occidental de *ouz-/ous-* nas formas verbais derivadas de -d j- latino²¹⁴, influíu na aparición do imaxinario *ouzar* nos dicionarios galegos (cfr. § 3.).

²¹² Lorenzo, II, s.v. *oyr*.

²¹³ Herculano, 230.

²¹⁴ A.L.G., mapas 294-308.

5.7. Resume

Concluindo, o reparto xeográfico dos resultados galegos de *a u d i r e* é o seguinte:

—*Qír/oir* son as solucións mais xerais, repartidas por toda Galicia e zonas occidentais de Asturias e León. *Qír* é con moito a forma mais extensa.

—*Quvir/ouvir* ocupan as comarcas galegas limítrofes con Portugal, incluíndo o Noroeste de Zamora.

—*Quir/ouir* son correntes na Galicia occidental: provincia de Pontevedra e metade Oeste da Coruña.

—*Quguir/ouguir, auguir, ougüir, augüir* aparecen todas no galego asturiano.

—Outros tipos de variantes non se rexistran senón nunha localidade determinada, así [qwiɹ] e [ɹwiɹ] en San Antolín de Ibias (Oviedo); [oíɹ] en Lama-Noceda-Cervantes (Lugo), e *oucír* en Belecón-Caseiro-Avión (Ourense).

6. "COL" NA XEOGRAFIA LINGUISTICA GALEGA

É variadísima a gama de denominacións que o galego ofrece prá *col* ó longo da súa xeografía. Do mesmo xeito derivados de *c a u l e* aparecen tamén pra designa-la berza ou folla da *col*, a semente, o pau (tamén chamado *chanteiro, cañoto*, etc.) ou ben algunha variedade particular de *col*. Da man das enquisas feitas pró A.L.G.²¹⁵ estudiarémo-los vocablos remi- tibles a *c a u l e* e derivados, anque sen interesámonos especialmente polo significado exacto de cada forma.

²¹⁵ No momento de redactarmos este traballo non están confeccionados aínda os mapas correspondentes ós conceptos *col, folla da col, pau da col, semente da col*, polo que tivemos que investigar directamente sobre os cuestionarios correspondentes ás enquisas encol destes catro conceptos, que nos foron cortésmente facilitados por persoal do I.L.G. Manexámo-las enquisas números 1228 (*col*), 1229 (*folla da col*), 1230 (*pau da col*) e 1231 (*semente da col*). O noso sistema de transcripción fonética non é o mesmo que, segundo cremos, será empregado na publicación do *Atlas*.

6.1. Monoptongación ante implosiva (-l)

Como xa víramos no § 4.3., partindo da apócope do -e de caule o -l queda implosivo, o que leva ó diptongo a perde-la semivocal dando orixe a formas tipo *col* que supoñen o resultado maioritario de caule en galego, pois é a solución mais corrente nas provincias de Lugo e A Coruña, ocupando tamén boa parte de Pontevedra (da latitude da ría de Vigo ó Norte); en Ourense, pola contra, o *Atlas* só recolle *col* en San Cristobo (Ribadavia), onde o seu resultado é aplicado especificamente á planta verde.

En canto ó timbre da vocal, *cpl* é a solución mais extendida, non aparecendo *cpl* senón en catro puntos dispersos da provincia de Lugo: Cospeito, Meira, Ouselle e Bóveda. Da abertura falaremos no § 7.

Existen algunhas variantes con -l- e monoptongación nas que a aparición da lateral intervocálica interpretámola como resultado de derivacións sufixais feitas sobre a forma plena, anque non falten casos non sufixais que interpretamos como regresións. En primeiro termo, o plural de *col* é *coles*, se ben o xénero feminino leva á aparición de cando en cando dun plural *colas* que temos, por exemplo, en Novefontes-Touro (A Coruña) e nunha franxa septentrional que colle de San Claudio e Chimparra (A Coruña) a Rinlo e Trabada (Lugo); neste territorio costeiro creouse por regresión un singular *cpla* coa variante *cpla* só rexistrada en Cervo e San Cosme de Barreiros (Lugo). *Cpla* existe tamén, xunto a *cpla*, que veremos no § 6.3., en Sabane do Courel (Lugo)²¹⁶. Outro singular regresivo, esta vez do plural en -es é o *cple* que atopamos en San Ramón de Moeche (Norte da Coruña), onde o -l- non permite supor que se trate de conservación do -e de caule.

Igualmente, por sufixación sobre a forma romance *col* obtemos derivados con -l-. Así, o diminutivo *cpliña* aparece na Proba de San Xiao (Lugo, cast. *San Julián*), diminutivo que conserva en posición átona o [ɔ] da forma plena, namentras que en Santa Comba (Lugo) témo-la variante con [o], *cpliña*. Por suposto que recollemos aquí só as formas diminutivas fi-

²¹⁶ Non sería lóxico que estas variantes *cpla/cpla* tivesen nada que ver co caule a que segundo Corominas-Pascual (*sub voce col*), deixou restos en sardo, neogrego e alemán. A regresión que cremos xerou esta forma pódese deber ó plural feminizado *colas*, como apuntamos enriba, ou ben a algún outro derivado en -a, en rigor ó diminutivo *coliña*, que nalgúns puntos pode cerra-lo o por átono e xera-lo regresivo *cola* de Cervo e Barreiros.

gurantes nas enquisas consultadas, isto é, as que semánticamente pasaron de ser simples diminutivos a adoptar significado propio.

Outro derivado por sufixación é *coleiro*, que aparece en Ferreira do Valadouro (Lugo) e Moraña (Pontevedra), onde a atonicidade leva o o á cerrazón.

6.2. Monoptongacións ante vocal nuclear

Se prá forma *col* aceptámo-lo carácter implosivo do *l* como motivo da supresión do [ɰ], algúns sucesores de derivados sufixais de *caule* deben o seu monoptongo á mesma causa que *oír*, *loar*, etc: á non tolerancia de [ɰ] seguida de núcleo silábico (cfr. § 4.4.).

Así, fronte ó *coliña* que vimos de citar é mais corrente atopar *coiña* [koi̯ɲɐ] < *caulina, que rexistramos en Porto (Zamora), en Vilariño-frío, Lamalonga e Sabuguido de Conso (Ourense), nas localidades lucenses de Outeiro (perto da fronteira con León e Ourense) e Baralla (onde se aplica á semente) e tamén en Carracedo (León), co significado de ‘folla da col’; a variante con [o] aparece en Lubián (Zamora), en Veiga de Cascallá e O Córghomo (Ourense), así como en Triacastela (Lugo), pra designa-la semente. Nótese que, a pesares da atonicidade, é mais extensa a forma con [o], analóxica da plena.

Sobre *coiña* temos un novo derivado con dobre sufixación, *coiñeiro*, con [o], que existe en Chandrexa de Queixa (Ourense).

Outro derivado sufixal de *caule* é *coeiro* < caulariu, que presenta casos de diptongo [éi] ou [éi̯], pero cinxíndonos á abertura da vocal deuterotónica non atopamos casos de [o], pois o sufixo *-eiro* non ten a tendencia dos diminutivos a mante-las aberturas das formas plenas. *Coeiro* aparece en San Andrés de Loboso-Pastoriza (Lugo), en Allariz (Ourense) —co significado de ‘folla da col’— e tamén se recolle —coa acepción de ‘pau da col’— en cinco localidades lucenses: Trabada, Lindín, Goiriz, San Andrés de Loboso (Pastoriza) e O Trobo. Espallado polo tercio septentrional de Lugo aparece un *cueiro* [kuéi̯ɾo], onde a atonicidade cerra ó máximo a vocal; o mesmo resultado recolleemos en Baños de Molgas e Allariz (Ourense).

O último derivado de *caule* por sufixación que presenta resultados monoptongais ante vocálicos é *caulicula, ó que podemos remonta-lo *coella* [koé̯ɲɐ] que aparece en catro puntos de Ourense: Brués, Pereiro de Aguiar, Allariz e Xinzo de Limia; a variante deslateralizada [koé̯ɲɐ] recóllese en San Amaro e Baños de Molgas, tamén na provincia de Ourense. Noutro punto desta provincia, Calvos (Ramirás), temos *coenlla* [koé̯ɲɐ]

e *coenlleira* [kəɒ̃ɲlɛ̞iɾe], [kəɒ̃ɲɲe] aparece en A Cañiza (Pontevedra); a aparición do *n* nestes exemplos podémola remontar mais que a analogía cos resultados de *c u n i c u l a* ó xurdimento de nasalidades por caída dunha consoante calquera (ex. *ponla, esquencer*), cousa que xa apuntara Carballo Calero²¹⁷. Cerrazón máxima do *o* con resilabación que a convirte en semiconsoante atopamos no *semente de cuellas* [kwé̞ɫs] que se rexistra en Negueira de Muñiz (Lugo); nun derivado, *cualleira* [kwə̞ɫe̞iɾe] existente en Crespos-Padrenda (Ourense) o *a* deuterotónico pódese deber a disimilación coa vocal do diptongo seguinte, pero a mesma abertura vemos no *cuaiña* de Robledo de Domiz (Ourense).

6.3. Outros casos de monoptongo e -a sen sufixos

Nunha zona da Galicia sudoriental que abarca dende O Courel e O Incio (Lugo) ata Viana do Bolo (Ourense) a denominación corrente da col é *coia* [kójɛ], termo que polo Oeste chega a Vilariñofrío (Ourense) onde se refire ó pau da col. Trátase con seguridade dun regresivo do diminutivo *coiña* (non hai nestas comarcas iodes epentéticas do tipo do port. *aldeia*, aparte de que só a regresión pode explica-lo -a). Pró cañoto ou pau da col é corrente atopar esta solución con cambio de xénero no Ourense nororiental, así temos *coio* [kójɔ] en Larouco, Lamalonga, Chandrea de Queixa e Viana do Bolo. Non recollimos exemplos de *coia/coio* con [ó].

6.4. Diptongo e labial epentética

Os resultados en [-ou̯b-] pra *c a u l e* son sensiblemente menos extensos que pra *a u d i r e*, pois *couve/couva* aparecen fundamentalmente na zona meridional da provincia de Pontevedra, sendo Mondariz o límite Norte do resultado nesta provincia. Tres puntos aillados de Ourense recollen tamén *couva*: Entrimo, San Cristobo (Ribadavia), onde o significado alude especificamente á berza branca, e San Cristobo de Cea, inusitadamente septentrional e alonxado do territorio pontevedrés de *couva*. Mais increíblemente septentrional e aillado é o *couveiro* de Guntín (Lugo), coa aceptación de 'folla da col', e mais aínda *cubeiro*, co diptongo reducido en *u*, que aparece en Guitiriz (Lugo) pra designa-lo cañoto.

Notemos que *couve*, solución do portugués, só aparece en Galicia

²¹⁷ R. Carballo, *Gramática Elemental del Gallego Común*, Galaxia, Vigo, 1976⁶, 122.

en dous puntos do Sur de Pontevedra, Mondariz e Guillade (Ponteareas), sendo *couva* o resultado con *-ouv-* mais corrente. Sospeitamos de novo unha acción da analoxía cos derivados sufixais da palabra, hipótese que vemos como mais fundada cá simple substitución da vocal final por coherencia co xénero gramatical.

6.5. Monoptongo con epéntese

É esta unha solución que non atopáramos pra a u d i r e (vid. § 5), pro á que temos que remonta-lo *cobado* que aparece nalgúns puntos da Galicia central, ó redor da confluencia entre as provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra, así, *cobado* designa a col nas localidades coruñesas de Pezobrés (Santiso) e Mezonzo (Vilasantar), e refírese á folla en Guitiriz e San Cibrao-Palas de Rei (Lugo) así como en Golada (Pontevedra). A atribución deste *cobado* a un derivado de *c a u l e*, neste caso **c a u l a t u* vénnos favorecida pola semántica e, mais ca nada, polo resultado tamén monoptongal ante labial epentética de *cobella* [kɔβéɫə], que recolleemos en catro puntos meridionais de Ourense: Xinzo de Limia, Campobecerros, Cualedro e Vilardebós; a variante con [ɔ] aparece en Baltar, perto da fronteira portuguesa; en canto ós resultados deslateralizados temos [kɔβéyɛ] en Cualedro, onde coexiste coa forma con lateral. Non podemos deixar de relacionar estas formas cos *coella* e paralelos que víramos no § 6.2. como resultados de **c a u l i c u l a*. No mesmo territorio meridional de Ourense son correntes tamén exemplos con monoptongo e *-b*.²¹⁸ de derivados con dobre sufixación, así *cobelleiro* en Vilardebós, *cobelleira* en Oímbra, e con [y] *cobeieiro* en Cualedro e *cobeieiro* en Baltar. Estes derivados aplícanse ó pau da col.

Sorpréndenos este resultado que non cremos teña nada que ver coa absorción do [ɥ] ante labial que aparecera, por exemplo, en *bobo* < *b a l b u* (§ 4.2.) por ser este un fenómeno relativo ós casos de labial latina e non xurdida no romance. Se ben non negámo-la posibilidade de que a nova labial poida potencia-la redución do diptongo *ou* en posición átona, tamén poderíamos remiti-la explicación a fenómenos de analoxía ou *contaminatio* entre as formas con *o* e aquelas con *-ouv-*; queda a posibili-

²¹⁸ Empregamos convencionalmente a grafía *v* pra *ouvir*, *couva*, *couve* e demais casos de *-ouv-* por seguírmo-la tradición escrita que tendeu ó uso deste grafema entre outras cousas por influencia da escritura portuguesa; en *cobado* etc. é corrente atopar *b*, grafía que preferimos non alterar tampouco.

dade de supor que tras unha resilabación semellante á vista pra [qʷíʌ] (§ 5.5.) a semiconsoante consonantízase en [β] pro non temos base suficiente pra postular tal evolución pois os outros étimos estudados non presentan solucións deste tipo.

A existencia de *couveiro* en Guntín (Lugo) e *cubeiro* (exemplo tamén con diptongo reducido, esta vez en *u*) en Guitiriz (Lugo) pode avala-la posibilidade de aparición de [β] en comarcas non mais nórdicas ca estes puntos, como aquelas nas que se recolle *cobado*.

6.6. Outras solucións ou variantes

O derivado *couliña*, con [ou̯], que atopamos en Carracedo (León) non sería esperable en galego pra *c a u l i n a* pola conservación do *-l-*; o mantimento desta consoante pódese deber á forte orientalidade do punto onde se atopa ou a algunha analoxía ou contaminación.

A denominación mais corrente en toda a área central da provincia de Lugo pró pau da col é *couceiro*. Como non temos datos que nos permitan supo-la existencia no noso latín dunha variante pra *c a u l i s* tipo **c a u l e x / c a u l i c i s*, preferimos crer que non escaparía este *couceiro* á influencia do resultado de *calceariu*, se é que o seu étimo non é este.

O *caúña* ‘semente da col’ que aparece nalgún punto de León e Zamora vería bastante difícil a súa evolución a partires dun derivado de *c a u l e*, así preferímolo relacionar co *caguña* que designa a semente de diversos froitos.

6.7. Resume

A confrontación das posibilidades dialectais pra *c a u l e* cos datos que nos proporcionara a *u d i r e* lévanos ás seguintes observacións:

–De novo é o monoptongo a solución mais extendida, maioritaria nas provincias de Lugo e A Coruña, así como no Norte de Pontevedra; só aparece, pola contra, nun punto de Ourense e nunca en León ou Zamora, zonas estas onde formas sufixais ou doutros etimoloxías absorben a denominación da col. Notemos que no galego de Asturias *c a u l e* non deixou outro herdeiro que un *cola da berza* que recollemos en Piantón. Como no caso de *oír* é a abertura do *o* a solución mais extensa.

–Frente ó predominio de *ouvir* pola Galicia lindante con Portugal *couva/couve* é solución fundamentalmente pontevedresa (de Mondariz abaixo), se ben *cobella*, *cobeia*, etc. aparecen no Sur de Ourense. Polo

Norte algúns casos de labial epentética chegan mais aló dos límites de tal fenómeno en *a u d i r e*.

—Frente a *ouir* non atopamos nada parecido a **coue*, **couiña*, **coueira* etc., o que reforza a nosa consideración de [u] ante vocal como difícilmente tolerable en galego. Tampouco *c a u l e* e derivados presentan solucións paralelas a *ouguir*, etc. (velar epentética), [ɔwíɹ] (cambio de silabación) nin [ɔíɹɹ] (cambio de serie da semivocal).

—Si temos pra *c a u l e* casos de epéntese de labial e monoptongación á vez, namentras que *a u d i r e* descoñece este tipo de resultados; así, temos *cobado* na Galicia central e *cobella*, *cobeia*, *cobelleiro* etc. na provincia de Ourense, aparte do *cubeiro* de Guitiriz.

—Finalmente, temos unha enorme variedade de resultados dialectais de extensión xeográfica pequena ou mínima. En primeiro termo os diminutivos e derivados *coliña*, con [ɔ] na Proba de San Xiao (Lugo) e con [o] en Santa Comba (Lugo); *coiña/coiña* en Outeiro, Baralla e Triacastela (Lugo), Vilariñofrío, Lamalonga, Sabuguido de Conso, Veiga de Cascallá e O Córghomo (Ourense), Porto e Lubián (Zamora) e Carracedo (León); *couliña* tamén en Carracedo (León); *coiñeiro* en Chandrexa de Queixa (Ourense); *coeiro* en Trabada, Lindín, Goiriz, San Andrés de Loboso-Pastoriza e O Trobo (Lugo); *cueiro* en Baños de Molgas e Allariz (Ourense) e nunha zona septentrional de Lugo; *coella/coeia* en diversos puntos de Ourense, xunto con *cuellas* en Negueira de Muñiz (Lugo) e *cualleira* en Crespos-Padrenda (Ourense); *cuaiña* en Robledo de Domiz (Ourense); *coenlla* xunto con *coenlleira* en Calvos-Ramirás (Ourense) e [kɔɛ̃nyɹ] en A Cañiza (Pontevedra). E en segundo termo témo-los regresivos *çola/çola* na costa lucense, zona coruñesa do Barqueiro e Sabane do Courel (Lugo); *cole* en San Ramón de Moeche (A Coruña); *coia* no Sur de Lugo (do Courel e O Incio abaixo) e zonas limítrofes de Ourense (ata Vilariñofrío e Viana do Bolo); *coio* en Larouco, Lamalonga, Chandrexa de Queixa e Viana do Bolo (Ourense).

7. A ABERTURA DA VOCAL

A análise dos exemplos recollidos no *Atlas* prós resultados de *a u d i r e*, por un lado, e *c a u l e*, por outro (vid. §§ 5., 6.), lévanos a dar conta da presenza maioritaria de [ɔ] como monoptongo resultante trala desaparición do [u], polo menos nestas dúas palabras.

Non deixa de extrañar, aínda que só sexa en principio, que atopemos un resultado aberto, tendo en conta que a cerrazón é o timbre corrente en galego do *o* no diptongo *ou* —se ben xa sabemos que o grado de abertura non é neste caso pertinente por ser [o] realización do archifonema /O/₂²¹⁹. Con todo, velahí os feitos: [kól] é o resultado de *c a u l e* e mais extendido no galego, só nalgúns puntos da provincia de Lugo aparece [kól], e non parece oportuno falar de que o *-l* abraise a vocal precedente, pois ahí témo-lo exemplo *sol* < *s o l e*; en canto a *oír*, os datos recollidos lévannos á mesma consideración: numerosos resultados con [o] (¡e mesmo de diptongo [ou]!); mais aínda, temos casos de *a e* diptongo [aɛ] prescindindo de momento dos cales é de notar que a abertura de *o* se dea tamén en posición átona, onde non só é irrelevante agás en concretísimos casos, senón que a realización do archifonema /O/₁ que funciona nesa posición soe ser [o]²²⁰; con todo temos *oír* con abertura no resto das formas non rizotónicas do paradigma (*oímos*, *oíran*, etc.) como solución mais extensa, e temos tamén un caso de *coliña* fronte a outro de *coliña* (vid. § 6.1.) e *coiña* mais extenso que *coiña* (vid. § 6.2.), que por seren diminutivos conservan a abertura da forma plena²²¹ en tanto que os demais resultados de derivados de *c a u l e* con monoptongo átono tenden á cerrazón fonéticamente normal.

Á vista desto chegamos ó recoñecemento dunha diverxencia: namentras que o diptongo *ou* presenta en galego [o], os resultados monoptongais de *c a u l e* e *a u d i r e* por perda de semivocal tenden a presentar [o] como norma xeral non só en posición tónica.

Pra establecermos se se trata de dúas excepcións ou se hai mais exemplos co mesmo resultado aberto, nada mellor que ollármolo grado de abertura do *o* no maior número posible de exemplos de monoptongación romance: ante labial, ante implosiva distinta de *s*, *z*, ante vocal (nuclear ou non).

Ante labial é [o] tamén o resultado de *a u* trala absorción do [u], pois é aberta no galego común a vocal tónica de *bobo* < *b a l b u* e *pobre/probe* < *p a u p e r e*; este último exemplo tamén presenta [o] en portugués, razón pola cal Corominas-Pascual negaban a súa procedencia dun latín vulgar **p o p e r e* (cfr. § 4.2.); o portugués [bóbu] interpretámolo como exemplo de inflexión pola vocal final, cousa corrente nesa lingua²²².

²¹⁹ Veiga, *Fonología*, § 3.14.

²²⁰ *Op. cit.*, § 3.8.

²²¹ *Op. cit.*, § 3.22.

²²² E. Williams, *Do Latim ao Português*, Rio de Janeiro, 1975³, 49.

Polo que respecta ás monoptongacións ante implosiva, neste grupo insértase o caso *col*. A mais deste exemplo, nunha recente estancia na comarca lucense do Brollón tivemos ocasión de rexistrar de boca de varios veciños nativos da parroquia de Salcedo, preto de Vilamor e do río Lor, que a vocal tónica destes dous topónimos é na fala da zona un [ó]. Non tivemos ocasión de comproba-la pronuncia de *cobo*, *cobelo* etc. en casos que con seguridade puidésemos remontar a *c a l v u s*, pero de feito a abertura rexistrada en *Lor* e *Vilamor* contradí o resultado [o] como terceiro grado na evolución de *a u* ante implosiva que postulaba Veiga Arias²²³ baseándose no que a súa propia conciencia lingüística lle ditaba pra *Vilamor*, resultado diferente ó que nós recollimos²²⁴ e sobre todo no feito de que o resultado moderno do diptongo sexa maioritariamente [ou]. A solución [o] que os nosos exemplos rexistrados presentan como mais común debería ser explicada —de aceptarmos [o] como evolución normal seguindo a Veiga Arias— como posterior abertura operada polas razóns que fosen. Con todo, na provincia de Lugo o Atlas recolle *cql* e *cqla* nalgúns puntos (cfr. § 6.1.).

En canto ás monoptongacións ante núcleo silábico o A.L.G. non rexistra nin *loar* nin por suposto *goír*, que non documentamos no galego falado hoxe; tampouco estudia *choer*, pero sí dispomos da proba da súa abertura no dicionario de Valladares, que escribía *chòer* (cfr. § 3.3.), aparte de que así o temos escoitado de beizos de galegofalantes nativos.

Así pois, polo que ó Atlas se refire, témonos que cinxir a *oír* e a certos derivados de *c a u l e* nos que o sufixo fai caí-lo -l- por intervocálico. De novo vemos aquí [o] como solución principal: *oír* domina sobre *oír*, temos ademais a variante [oíw], pero non se recolle a paralela con [o]. Na familia léxica de *col* xa vímo-la predominancia de *cql* sobre *col*, a abertura segue no diminutivo *cqíña*, neste caso en posición átona, e tamén nos regresivos *cqla* e *cqlio* así como nalgún outro exemplo como o

²²³ Veiga, *Algunas Calas*, § 8.14.

²²⁴ Dado o frecuente das alternancias de timbre pra *e* e *o* na xeografía lingüística pode ser que *Vilamor* teña as dúas variantes segundo a comarca. Ademais o apelido *Villamor* puido troca-lo timbre por calquera causa. Engadamos que estando entregado en imprenta o presente artigo, temos noticias de que na edición da Tese de Doutoramento de A. Veiga Arias, de inminente publicación por Editorial Galaxia, Vigo, figurará algún detalle referente ós topónimos *Pol < P a u l i* e *Vilasol < u i l l a S a u l i*, non citados na Tese orixinal, que foi a por nós consultada. Estes dous topónimos son claros exemplos de monoptongación de *a u* ante -l- implosiva e non queda senón recoller nas respectivas comarcas as probas referentes á abertura vocálica.

cõbeia de Baltar (Ourense), e por suposto en *cõliña*, derivado de *cõl*, e o seu regresivo *cõla*. Frente a estes, o resto dos exemplos de *o* átona, seguindo as restricións fonéticas comúns, presentan [õ]: *cõenlla*, *cõeiro*, etc.

Habería, por suposto, que rexistrar con seguridade o grado de abertura do *o* na totalidade de exemplos remontables a un *a* u latino monotongado ante labial, implosiva ou vocal, pero os casos documentados ou comprobados xa nos poden servir pra esbozarmos algunhas conclusións.

O problema da abertura nestes casos non pode separarse do problema da abertura do núcleo no propio diptongo *ou*. Veiga Arias sinala a cerrazón [õ] como o grado no que se realiza fonéticamente o archifonema /O/₂ nesta posición, na que se produce o que se chama neutralización condicionada polo contexto²²⁵. Pero esta realización fonética non é uniforme en toda Galicia; así, Porto Dapena²²⁶ recolle a variante aberta na fala da comarca ferrolana: [ou̯]. Esta diversidade de resultados no galego moderno pódese achacar a que a evolución a partires do *a* u latino non fose a mesma en todo o territorio; así, na evolución a *u* > [ou̯] a semivocal cerrou dous grados a vocal precedente, namentras que na zona de Ferrol, por exemplo, o proceso non pasou do primeiro grado de cerrazón. Podemos ir intuindo que as monoptongacións haxan de remontarse a un estado [ou̯] semellante ó que hoxe presenta o galego ferrolano.

É aquí onde podemos sacar a colación os resultados con conservación do *a* que levamos vistos. Temos un [aʷi̯a] en San Antolín de Ibias (Oviedo), tamén temos *auguir* e *augüir* en Boal (de novo no Occidente de Asturias) e, pra rematar, temos *Gaioso* (xeralmente grafiado *Gayoso*), resultado semiculto de *g a u d i o s u* (cfr. § 4.5.). Pois ben, estes exemplos con *a* ou diptongo *au*, todos correspondentes a étimos que poden presentar resultado monoptongal por fronteira silábica antevocálica, parecen apuntar na dirección de que a caída das sonoras (neste caso -d- e -l-) intervocálicas é o bastante temprana como pra coller, polo menos dialectalmente, a algunhas palabras na etapa a *u*, a partir da cal a evolución pode se-la acostumada: supresión do [u̯] en *Gaioso* ou epéntese (neste caso de velar) en *auguir*, *augüir*, aparte doutras solucións como o cambio de silabación de [aʷi̯a].

Seguindo nesta dirección, a aparición maioritaria de [õ] nos resultados de *a u d i r e e c a u l e* cos seus derivados, así como as realizacións

²²⁵ Veiga, *Fonología*, § 3.14.

²²⁶ Porto, 73.

[ɔ] que temos rexistradas pra *Lor*, *Vilamor* e *choer* apuntan a sospeitar que estas reducións tiveron lugar nunha etapa na que o [ɥ] aínda non cerrara dous grados a vocal precedente (nalgún caso nin xiquera un grado, como nos antes vistos de *a/au*). Por outra parte, *bqbo*, e *pqbre/prqbe* amplían esta conclusión ás monoptongacións ante labial. De feito, a realización correntemente aberta destes exemplos pode indicar que os tres tipos de monoptongación non se deron en épocas moi afastadas entre elas, senón antes da segunda cerrazón da vocal.

Por suposto, esta hipótese baséase unicamente nos exemplos que levamos analizados, moitos dos cales poderíanse interpretar doutros xeitos (en *qír* podería haber abertura por disimilación coa cerrazón da tónica, ou analoxía coas formas rizotónicas do paradigma en que a tonicidade fose a responsable, ou a influencia dun *a* próximo dalgunhas formas do verbo; noutros casos o contacto con *r* puidera ser visto como causa de abertura; ou simplemente a tonicidade nos monosílabos; tamén a interferencia co castelán, os préstamos do cal soen ser adaptados con [ɔ] podería ter algo que ver), pero non atopamos que ninguna destas explicacións particulares teña mais verosimilitude ou posibilidades de certidume cá nosa interpretación.

Frente ós casos —a maioría— de resultado a u > *[ɔɥ] > [ɔ] e a aqueles de conservación do *a/au*, non deixamos de recoller exemplos coa solución moderna do diptongo. Así, como xa vimos, a posición átona favorece a cerrazón nos resultados de derivados de *c a u l e*, pois tódolos vistos agás *qoiña*, *qoliña* e un caso de *qobeia* presentan [ɔ], cousa normal dada a atonicidade da vocal. Mais destacable é o *qol* que se rexistra nalgunhas comarcas luguesas e que en teoría poderíamos interpretar como monoptongación nuns puntos en que a vocal do diptongo xa estaba cerrada dous grados, se ben o espallamento destes puntos non nos axuda tanto como se se tratase dunha zona compacta. O caso de *qír* devólvenos ó terreo das átonas.

As diverxencias no grado de abertura do núcleo do diptongo *ou*, que xa citamos pró galego moderno e podemos intuír veñen xa de moito antes, podémolas comprobar de novo ollando os resultados diptongais que os mapas do *Atlas* presentan pra *a u d i r e* e *c a u l e* cos seus derivados. Así, fronte ó normal seguindo a Veiga Arias²²⁷, ou sexa, a cerrazón [ɔɥ] que vemos en *quir*, *quguir*, *quvir*, *qucir*, *qouva*, *qouveiro*, *qouliña*, *qouceiro*, témo-lo resultado oposto, semellante ó que Porto Dapena documenta

²²⁷ Veiga, *Fonología*, 51.

en Ferrol²²⁸, a abertura [ou̯] que aparece en *quir, quiguir, quivir*; destas tres formas, *quiguir* é a única mais extensa cá correspondente con [ou̯]. Nótese que as enquisas do *Atlas* non recollen exemplos de [ou̯] na familia de *col* (vid. § 6.).

Os nosos resultados lévannos a concluír que é [o] a solución normal de a u en galego por desaparición do [u̯] ante labial, implosiva distinta de /s/ ou /θ/ e vocal (nuclear ou non). A evolución do diptongo latino nestes casos puido moi ben ser a u > [ou̯] > [o].

Rematamos con este gráfico no que se aprecian claramente as diversas evolucións, constatándose que [o] aparece en posición átona (agás nos exemplos *col/cola* da provincia de Lugo) e en casos de diptongo conservado, e que —e poñamos especial atención nisto— é [o] o único resultado común a tódolos casos de monoptongación:

²²⁸ Porto, 73.

	VOCAL [a]	VOCAL [ɔ]	VOCAL [o]
ante labial		<i>bɔbo, pɔbre</i>	
ante implosiva		<i>Lɔr, Vilamɔr</i> <i>cɔl</i> + <i>cɔliña, cɔla</i>	<i>cɔl</i> (só na provincia de Lugo) + <i>cɔla</i> (nalgunha localidade da costa lucense).
ante vocal	<i>auguir,</i> <i>augũir,</i> [aʷiɹ]; <i>Gaioso.</i>	<i>cɔiña,</i> + <i>cɔia, cɔio;</i> <i>cɔbeia, cɔbeieiro</i> (só en Baltar, Ourense); <i>ɔir,</i> [ɔiɹ], <i>ɔuir,</i> [ɔwɹ], <i>ɔuguir,</i> <i>ɔugũir,</i> <i>ɔuvir;</i> <i>chɔer.</i>	<i>cɔiña, cɔiñeiro;</i> <i>cɔeiro;</i> <i>cɔella, cɔeia,</i> <i>cɔenlla,</i> [kɔɛɲɲɛ], <i>cɔenlleira;</i> <i>cɔbado,</i> <i>cɔbella,</i> <i>cɔbeia,</i> <i>cɔbelleiro,</i> <i>cɔbelleira,</i> <i>cɔbeieiro;</i> <i>cɔuva, cɔuve,</i> <i>cɔuveiro;</i> <i>cɔuliña;</i> <i>oír, ouir,</i> <i>ouguir,</i> <i>ouvir; oucir;</i>
			[ɔ] > [u] (/ [w])
			<i>cueiro;</i> <i>cuellas;</i> <i>cuaiña,</i> <i>cualleira;</i> <i>cubeiro.</i>

8. CABOS SOLTOS

Pra completármolo noso traballo engadimos algúns puntos particulares relacionables con cuestións concretas que nos apareceron ó longo da realización deste estudio.

—O *Atlas* non rexistra as formas con *-i-* tipo *cobilleiro* que recolleran Rodríguez González, Franco e Crespo (cfr. § 3.); algunhas variantes de derivados de *c a u l e* que figuran nos últimos dicionarios e vocabularios tampouco son exactamente iguais na documentación das enquisas pró *Atlas*. En canto ó *cóbado* de Franco (cfr. § 3.8.) sospeitamos poda tratarse dunha falsa acentuación de *cobado* probablemente por confusión con *cóbado* < *c u b i t u*.

—Corominas e Pascual²²⁹ documentan *alcouve* e *alcouvo apud* Crespo, así como *alcouve* tamén en Sarmiento co significado de ‘pedacito de tierra muy labrado y cernido, en el cual se siembra *celobiño*, *nabiña*, etc. para trasplantar’; remontan isto Corominas e Pascual a unha aglutinación tipo *unha couve* > *un acouve* > *un alcouve*, pero notémo-la reducida extensión de *couve* en galego (cfr. § 6.4.).

—Herculano de Carvalho citara *couve* como único resultado galego de *c a u l e*²³⁰, mostrando o seu descoñecemento da nosa realidade lingüística, pois, como vimos no § 6.4., esta variante só aparece en Mondariz e Guillade-Pontearreas (Pontevedra). E interesante o *cóe* que o mesmo autor²³¹ cita en Vinhais, Norte de Portugal, onde as falas son por moitos lingüistas consideradas mais galegas que portuguesas; este *cóe* sería un exemplo de monoptongación ante hiato por conservación do *-e* e mantendo a terminación orixinaria.

—Cuveiro²³² recolle *colexa*, que grafía *coleja*, dándolle a acepción castelá de *colleja*, planta denominada en botánica *silene inflata*. O *colleja* castelán é explicado por Corominas-Pascual²³³ a partires do latín *c a u l i c u l a*, sendo, pois, o *-ll-* unha evolución anormal na que supoñen influencia da palatal [ʒ] < *c’ l* seguinte, polo tanto o *colexa* de Cuveiro non se explica senón como adaptación do castelán (cfr. *conexo*). Buschmann²³⁴ recolle tamén *colexa* considerando que se trata de préstamo castelán.

—En canto a *coliflor* trátase dun préstamo do alto italiano *caolifior*²³⁵, e tanto en galego como en castelán (e noutros idiomas) a súa forma é analóxica dos resultados individuais de *caule* e *flore*.

²²⁹ Corominas-Pascual, II, s.v. *col*.

²³⁰ Herculano, 228.

²³¹ *Ibid.*

²³² Cuveiro, s.v. *coleja*.

²³³ Corominas-Pascual, II, s.v. *colleja*.

²³⁴ Buschmann, s.v. *cauliculus*.

²³⁵ Corominas-Pascual, II, s.v. *col*.

—Carvalho citara *Goyente* como derivado do xenitivo *g a u d e n t i i* (vid. § 4.4.), pero ese *y* fainos pensar na existencia dunha forma **g a u d i e n t i i* analóxica de *g a u d i u m* e exemplos paralelos con iode, da cal perfectamente derivaría este *Goyente*, que suporía unha evolución semellante á de *Goián* etc. e polas mesmas causas.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

- Blanquez Fraile, A.: *Diccionario Latino-Español*, R. Sopena S.A., Barcelona, 1954.
- Buschmann, S.: *Beiträge zum Etymologischen Wörterbuch des Galizischen*, Romantisches Seminar der Universität Bonn, Bonn, 1965.
- Carballo Calero, R.: *Gramática Elemental del Gallego Común*, Galaxia, Vigo, 1976⁶.
- Carré Alvarellos, L.: *Diccionario Galego-Castelán*, Moret, A Coruña, 1972².
- Corominas, J. e Pascual, J.A.: *Diccionario Crítico-Etimológico Castellano e Hispánico*, Gredos, Madrid, 1980 (vols. I-III) e 1981 (vol. IV).
- Crespo Pozo, J.S.: *Contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego*, Madrid, 1963.
- : *Nueva Contribución a un Vocabulario Castellano-gallego con Indicación de Fuentes e inclusión del Gallego Literario (Gallego-Portugués)*, Ourense, 1972 (vol. I) e 1979 (vol. II).
- Cuveiro Piñol, J.: *Diccionario Gallego-Castellano*, Barcelona, 1876.
- Fernández del Riego, F.: *Vocabulario Castellano-Gallego*, Galaxia, Vigo, 1979.
- Filgueira Valverde, J.F. e outros: *Vocabulario Popular Galego-Castelán*, “El Pueblo Gallego”, Vigo, 1926.
- Franco Grande, X.L.: *Diccionario Galego-Castelán e Vocabulario Castelán-Galego*, Galaxia, Vigo, 1972².
- García de Diego, V.: *Elementos de Gramática Histórica Gallega*, Burgos, 1909.
- : *Diccionario Etimológico Español e Hispánico*, S.A.E.T.A., Madrid, 1954?
- Herculano de Carvalho, J.: “Sobre a evolução de *l a u d a r e* > *louvar*, *a u d i r e* > *ouvir*”, *Boletim de Filologia*, XIV, 1953, 218-32.
- Huber, J.: *Altportugiesisches Elementarbuch*, Heidelberg, 1933.
- Ibáñez, J.: *Diccionario Galego da Rima e Galego-Castelán*, Madrid, 1950.
- Instituto da Lingua Galega: *Atlas Lingüístico Galego*, en prensa.
- Irmandades da Fala: *Vocabulario Castellano-Gallego*, A Coruña, 1933.
- Lausberg, H.: *Lingüística Románica*, Gredos, Madrid, 1966.
- Lorenzo Vázquez, R.: *La Traducción Gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Sarmiento”, Ourense, 1975.
- : Prólogo a Mettmann, W., *Cantigas de Santa María*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1981.
- Martinet, A.: *Economie des Changements Phonétiques*, Berna, 1955.
- Menéndez Pidal, R.: *Orígenes del Español*, Madrid, 1972⁷.

- Muljačić, Ž.: *Fonología General*, Laia, Barcelona, 1974.
- Nunes, J.J.: *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*, Lisboa, 1969⁷.
- Pensado, J.L.: *Contribución a la Crítica de la Lexicografía Gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F.J. Rodríguez y su Repercusión en la Lexicografía Gallega*. Universidad de Salamanca, 1976.
- Piel, J.M.: “Novos Fragmentos de Toponímia Galega Oriunda de Nomes de Senhorios Rurais Medievos”, *Verba*, 2, 1975, 45-58.
- Porto Dapena, J.A.: *El Gallego hablado en la Comarca Ferrolana*, Universidade de Santiago, 1977.
- Rodríguez, F.J.: *Diccionario Gallego-Castellano*, A Coruña, 1863.
- Rodríguez González, E.: *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, Vigo, 1958-61.
- Väänänen, V.: *Introducción al Latín Vulgar*, Gredos, Madrid, 1971.
- Valladares, M.: *Diccionario Gallego-Castellano*, Santiago, 1884.
- Veiga Arias, A.: *Fonología Gallega*, Bello, Valencia, 1976.
- : *Algunas Calas en los Orígenes del Gallego*, Galaxia, Vigo, en prensa.
- : “Cuestiones Fonológicas”, en *Estudios Ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, II, Oviedo, 1978, 257-80.
- Williams, E.: *Do Latim ao Português*, Rio de Janeiro, 1975³.